

**Estrutura empresarial e
política industrial**

2

Capítulo 2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

2.1. Introducción

Se o capítulo anterior se centra no estudo da realidade macroeconómica galega, este segundo adopta unha perspectiva microeconómica para analizar a estrutura e dinámica do tecido produtivo de Galicia e o desenvolvemento das políticas industriais que propoñen as diferentes Administracións públicas.

Pártese dos datos do Directorio Central de Empresas (DIRCE) do Instituto Nacional de Estadística (INE) en relación coas empresas galegas, co obxectivo de debuxar o panorama de estrutura empresarial de Galicia. Para unha mellor comprensión de dita estrutura, nalgún caso se completarán cos datos do Instituto Galego de Estadística (IGE). Neste contexto, a análise non se limita á concatenación de cifras e indicadores, senón que se trata de realizar unha comparación de distintos ámbitos poboacionais (provincial, autonómico e nacional). Así, afóndase en aspectos como o tamaño das empresas, a súa distribución provincial, evolución, clasificación en diferentes parámetros, como a forma xurídica que adoptan ou a súa actividade principal, ou o número de persoas que empregan. Complétase o epígrafe cunha revisión do capital social subscrito e ampliado polas sociedades mercantís.

A continuación, procédese coa análise sectorial a través da enquisas estruturais do INE, a do sector servizos e dúas estatísticas de actividades económicas que forman parte deste sector (o comercio polo miúdo e a ocupación hoteleira). A través destas fontes determinarase a distribución porcentual da cifra de negocios de Galicia, o peso relativo de cada sector ou a súa evolución, como tamén a do índice de produción industrial e o de prezos industriais. Novamente faise a comparación co resto de CC.AA., nun intento de estimar o potencial sectorial de Galicia no conxunto do Estado.

En terceiro lugar, procederase coa análise dos resultados estatísticos e indicadores que reflicten as enquisas de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), de innovación tecnolóxica e alta tecnoloxía.

Finalmente, abordarase o estudo do sector público empresarial en Galicia (analizando a súa relevancia en emprego e en investimento) e da política industrial en Galicia, contemplada desde a perspectiva das distintas administracións que determinan ditas políticas: europea, central e autonómica.

2.2. Estructura e dinámica empresarial galega

Este epígrafe comeza introducindo a estrutura do tecido produtivo galego dende unha dobre perspectiva estática e dinámica, proporcionando a análise da evolución das empresas galegas en función de determinados parámetros de clasificación como os sectores de actividade, o número de persoas asalariadas que teñen ou a condición xurídica baixo a cal son constituídas as sociedades, de acordo coa información subministrada polo DIRCE.

Esta información combina, na elaboración das estatísticas de empresas, os datos da Seguridade Social cos procedentes das retencións do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), o imposto de actividades económicas (IAE) e os de Rexistro Mercantil, someténdoo a unha serie de tratamentos de depuración, harmonización e integración co obxecto de obter maior fiabilidade. Os datos refírense á situación a día 1 de xaneiro de cada ano e non inclúen as empresas dos sectores agrario e pesqueiro, nin os servizos administrativos das administracións públicas (aínda que si as empresas públicas).

Debe destacarse que o DIRCE analiza dúas entidades diferentes, a empresa e a unidade local. A primeira fai referencia á unidade organizativa de produción de bens e servizos que exerce actividade nun ou varios lugares; mentres a segunda se corresponde cunha empresa (ou parte dela) situada nunha localización xeográfica concreta onde se exercen actividades económicas.

Comézase analizando o número de empresas activas que figuran no DIRCE a 1 de xaneiro de 2017 por CC.AA. e no conxunto do Estado, clasificadas en función do sector económico. Dita información aparece recollida no cadro 2.1.

Cadro 2.1**Empresas activas, por sector económico e comunidade autónoma. 2017**

	Total	Industria	Construcción	Comercio	Resto de servizos
Cataluña	608.981	36.374	72.762	127.645	372.200
Madrid	526.156	22.798	57.982	96.061	349.315
Andalucía	501.745	27.644	52.860	135.495	285.746
C. Valenciana	350.065	24.371	41.490	86.193	198.011
Galicia	198.923	12.524	29.549	48.579	108.271
Castela e León	161.619	11.580	23.557	38.840	87.642
País Vasco	140.290	11.408	18.830	31.959	78.093
Canarias	141.595	5.274	15.108	32.854	88.359
Castela-A Mancha	127.102	11.936	18.871	33.084	63.211
Aragón	90.903	6.579	12.175	19.477	52.672
Murcia	93.574	6.916	12.296	25.406	48.956
Baleares	93.067	4.580	15.459	16.565	56.463
Asturias	68.368	3.518	8.463	15.098	41.289
Extremadura	65.844	4.839	8.301	19.124	33.580
Navarra	44.120	3.933	6.145	9.767	24.275
Cantabria	38.459	2.032	5.496	8.245	22.686
A Rioxa	23.167	2.328	2.933	5.361	12.545
Ceuta e Melilla	8.368	171	646	3.750	3.801
España	3.282.346	198.805	402.923	753.503	1.927.115

Fonte: INE, DIRCE.

O número de empresas en España medrou no bienio 2015-2016 en 95.468, case un 3%. Este crecemento está vencellado, principalmente, co incremento producido nas empresas do sector servizos (5,94%) e, en menor medida, co relacionado coas empresas do sector industrial (0,40%), que permiten compensar a contracción de empresas rexistrada no sector da construción (-0,72%) e comercio (-1,36%).


No ano 2016 Cataluña continuaba a ser a comunidade onde se rexistraba un número máis elevado de empresas (18,55%), seguida de Madrid (16,03%), Andalucía (15,29%) e a Comunidade Valenciana (10,67%). Estas catro CC.AA. concentran máis do 60,5% das empresas españolas atendendo ao emprazamento da súa sede central, case medio punto porcentual máis que a súa representación conxunta en 2015 (60,02%). Galicia mantén o quinto lugar, cunha concentración próxima ao 6% das empresas do Estado.

O saldo neto amosa que o número de empresas creceu en todas as CC.AA. con excepción do País Vasco, onde se produce unha diminución do 5,58%. En Galicia rexístrase un descenso do 2,40% das empresas do sector comercio, así como descensos máis leves das empresas construtoras (0,65%) e industriais (0,19%). De xeito semellante ao acontecido no conxunto do Estado, na comunidade galega o sector

servizos tamén adopta un rol motor, e o incremento das empresas rexistrado neste sector (4,58%) permite compensar en parte os datos negativos do resto de sectores industriais. Así, no bienio 2015-2016 en Galicia compútanse 3.328 empresas máis que as contabilizadas en 2014, o que equivale a un incremento relativo dun 1,70%. A comunidade galega aporta un 3,48% das 95.468 novas empresas que se inclúen no cómputo total do conxunto do Estado en 2015 e 2016.

O gráfico 2.1 amosa as variacións relativas no número de empresas no bienio 2015-2017 por CC.AA. con incrementos na práctica totalidade delas, salientando os producidos en Baleares, Canarias e Andalucía. O incremento en Galicia non chega á media do Estado (3%), o que deixa a nosa comunidade como a sétima de menor crecemento.


Gráfico 2.1



A análise da taxa de variación anual do número de empresas activas (gráfico 2.2) amosa unha tendencia de comportamento similar en Galicia e España, con magnitudes menos acusadas na nosa comunidade. A variación do número de empresas en Galicia mantense en valores positivos ata o ano 2008, en que torna a un crecemento negativo. A partir deste ano concaténanse seis períodos consecutivos de caída no número de empresas, que rematan en 2014. Tres anos despois seguimos en valores positivos. Non obstante, o crecemento experimentado entre 2014 e 2015 (2,01%) perde forza, pasando a ser de preto do 1% o ano seguinte, para rematar no 0,70% nos últimos datos dispoñibles. Cabe sinalar que dita ralentización é lixeiramente superior en Galicia que no

conxunto do Estado: así, se en 2015 a taxa de variación galega é similar á española (2,17%), en 2016 distáncianse medio punto porcentual (0,99% e 1,56%, respectivamente). O dato de variación en España en 2017 duplica o de Galicia (1,41% fronte a 0,70%).

Gráfico 2.2



Estes resultados poden ser completados cos obtidos do IGE, que inclúen tanto as empresas coma as unidades locais e, ademais, as organizacións do sector primario. Do mesmo xeito que o comentado no caso particular das empresas, o cadro 2.1b permite detectar unha ralentización no período 2015-2016 en relación co inmediatamente anterior. O número de empresas aumenta no sector servizos e da construción, mentres decrece na industria e, especialmente, no sector primario, onde en 2016 se recollen case 1.000 empresas e unidades locais menos que en 2015.

Cadro 2.1b

Empresas con actividade en Galicia, segundo actividade principal

	Nº Empresas			Variación relativa	
	2014	2015	2016	2015-2014	2016-2015
Agricultura e pesca	44.179	43.193	42.195	-2,23	-2,31
Industria, incluída a enerxía	14.922	14.844	14.749	-0,52	-0,64
Construción	31.504	31.821	31.854	1,01	0,10
Servizos	152.807	155.559	157.492	1,80	1,24
Total	243.412	245.417	246.290	0,82	0,36

A continuación analízase o número de empresas activas por sector económico, que aparece reflectido tanto para Galicia como para España no cadro 2.2. O sector “resto de servizos” é o que ten o maior peso na estrutura de poboación empresarial en ambos casos. A 1 de xaneiro de 2017 dito sector conta con 1.927.115 empresas activas no

conxunto do Estado (un 58,7% do total), dos que 108.271 son empresas de Galicia, un 54,4% das empresas da nosa comunidade. O peso do comercio, algo superior en Galicia (24,4%) que en España (23,0%), tamén é significativo. Tanto en España como en Galicia, máis do 75% das empresas (isto é, tres de cada catro) englobáanse conxuntamente no sector servizos.


Cadro 2.2

Distribución das empresas. Por sectores económicos⁽¹⁾. Galicia/ España. 2007-2017

Sector	2007		2008		2009		2010		2011		2012		2013		2014		2015		2016		2017	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	7,6	7,3	7,5	7,2	7,5	7,3	7,2	7,0	7,0	6,8	6,9	6,7	6,8	6,6	6,6	6,4	6,4	6,2	6,2	6,0	6,3	6,1
Construción	14,9	14,6	15,0	14,6	14,3	13,2	17,1	15,5	16,6	15,0	16,3	14,5	15,6	13,5	15,4	13,1	15,2	12,7	15,1	12,6	14,9	12,3
Comercio	29,0	25,3	27,3	24,6	27,2	24,8	26,4	24,2	26,0	24,1	25,9	24,2	26,0	24,3	25,8	24,6	25,4	24,0	24,8	23,4	24,4	23,0
Resto de servizos	49,5	52,7	50,2	53,5	51,0	54,8	49,3	53,3	50,4	54,2	50,9	54,6	51,7	55,6	52,2	56,2	52,9	57,1	53,8	58,0	54,4	58,7

Elaboración propia.
 (1) En porcentaxe de cada sector sobre o total de empresas.
 Fonte: INE, DIRCE.

O gráfico 2.3 reflicte o peso relativo de cada sector no tecido empresarial na última década, tanto en Galicia coma en España. A adscrición de empresas a sectores é similar. En todos os exercicios destaca o número de empresas adscritas ao sector servizos (incluído o comercio), sendo lixeiramente superior a porcentaxe en España. A continuación figuran as empresas construtoras, algo máis frecuentes en Galicia, aínda que con tendencia decrecente dende o ano 2010. Finalmente, o sector industrial concentra o menor número de empresas tanto en Galicia coma en España, cunha porcentaxe similar en ambos contextos.




A análise da situación a comezos de 2017 amosa que as empresas galegas situadas nos sectores industrial, construción e comercio teñen unha representación lixeiramente

superior á que existe no conxunto do Estado, mentres que as adscritas no sector “resto de servizos” teñen un peso relativo lixeiramente inferior (54,4% e 58,7% en Galicia e España, respectivamente).

Por outra banda, en Galicia o sector industrial e o de comercio van perdendo representación en favor das empresas no sector de “outros servizos”. O gráfico 2.4 reflicte a participación relativa de cada sector no conxunto das empresas galegas na última década. As empresas industriais pasan de supoñer o 7,6% das empresas rexistradas en 2007 ao 6,3% actual, mentres que a perda nas de comercio acada algo máis de 5 puntos porcentuais. As empresas construtoras, pola súa banda, manteñen una representación estable.

Gráfico 2.4



A información do IGE reforza este desprazamento de protagonismo en favor do sector servizos. Dende 2014, é o único sector que aumenta na súa participación porcentual sobre o global de empresas galegas (cadro 2.2b).

Cadro 2.2b**Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (%)**

	2014	2015	2016
Agricultura e pesca	18,15	17,60	17,13
Industria, incluída a enerxía	6,13	6,05	5,99
Construción	12,94	12,97	12,93
Servizos	62,78	63,39	63,95

O cadro 2.3 presenta a progresión do número total de empresas en Galicia e España nos últimos 16 anos. O peso relativo das empresas galegas no conxunto do Estado preséntase no cadro 2.3b, onde se pode comprobar que dita participación mantense bastante estable en torno ao 6%. Detéctase tamén unha lixeira perda de representación dende o ano 2015. De feito, en 2016 rexístranse en Galicia 1.943 empresas máis que en 2015 (un incremento relativo de preto do 1%), mentres que en 2017 o número de empresas supera en 1.385 ás do ano precedente (0,70%).

Cadro 2.3**Evolución do número total de empresas. Galicia e España 2002-2017**

Ano	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Galicia	165.726	174.077	180.977	185.722	191.642	200.020	203.374	201.263
España	2.710.400	2.813.159	2.942.583	3.064.129	3.174.393	3.336.657	3.422.239	3.355.830
Ano	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Galicia	198.874	196.535	194.511	192.998	191.745	195.595	197.538	198.923
España	3.291.263	3.250.576	3.199.617	3.146.570	3.119.310	3.186.878	3.236.582	3.282.346

Cadro 2.3b**Evolución do número total de empresas. Galicia s/ España 2002-2017**

Ano	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
% Galicia	6,11	6,19	6,15	6,06	6,04	5,99	5,94	6,00
Ano	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
% Galicia	6,04	6,05	6,08	6,13	6,15	6,14	6,10	6,06

A análise da taxa de crecemento anual do número de empresas (cadro 2.3c) permite observar que a tendencia en Galicia é similar á rexistrada en España, se ben lixeiramente máis moderada. Así, no período entre 2002 e 2017 o ritmo de evolución do número de empresas en Galicia en media é practicamente coincidente co de España (1,22% e 1,28%, respectivamente). O período de crise implicou unha contracción superior en España (1,60% anual fronte ao 1,04% en Galicia), mentres que na etapa de recuperación a creación de empresas avanza tamén no conxunto do Estado a un ritmo lixeiramente superior; concretamente medio punto porcentual.

Cadro 2.3c**TCA do número total de empresas. Galicia e España**

Ano	TCA			
	2002-2009	2009-2013	2014-2017	2002-2017
Galicia	2,81	-1,04	1,23	1,22
España	3,10	-1,60	1,71	1,28

No cadro 2.4 amplíase o marco temporal de observación presentando a evolución das empresas en Galicia e máis no Estado dende 1995. Asemade, engádese a distribución das empresas por provincias.

A tendencia apuntada anteriormente no relacionado coa representación das empresas galegas no total estatal de empresas que figuran no DIRCE, esténdese aos anos anteriores, aínda que cunha lixeira perda de representatividade dende 2005. Entre 2013 e 2014 hai unha leve recuperación, para volver a descender dende ese ano ata o actual 6,06%. Cabe destacar que en 2017 Galicia rexistra 51.533 empresas máis que en 2005, o que supón un crecemento do número de empresas do 34,96% que sitúa a nosa comunidade moi por debaixo do incremento de empresas rexistrado en España (42,61%).

Pontevedra é a provincia que presenta un maior crecemento no número de empresas, cun incremento relativo superior á media do conxunto do Estado (46,51%). En segundo lugar, estaría A Coruña, cun crecemento relativo (33,67%) próximo á media galega. As provincias de Lugo e Ourense pechan a clasificación, aínda que tamén con saldos claramente positivos no número de empresas rexistradas (24,75% e 21,25%, respectivamente). Non obstante, o maior crecemento comparativo das provincias atlánticas motiva unha perda relativa representatividade de máis dun punto porcentual, algo máis acusado en Ourense (1,32 dende 1995) que en Lugo (1,01 no mesmo período).

Cadro 2.4

Distribución das empresas por provincias. Galicia/España. 1995-2017

Ano	Nº empresas						Peso Relativo Provincias/Galicia				Peso Relativo Galicia/España
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
1995	61.647	19.678	19.085	46.980	147.390	2.301.559	41,83	13,35	12,95	31,87	6,40
1996	63.865	20.254	19.779	48.597	152.495	2.384.711	41,88	13,28	12,97	31,87	6,39
1997	64.946	20.545	20.076	49.494	155.061	2.438.830	41,88	13,25	12,95	31,92	6,36
1998	66.313	20.945	20.370	50.955	158.583	2.474.690	41,82	13,21	12,85	32,13	6,41
1999	63.167	21.267	20.598	52.013	157.045	2.518.801	40,22	13,54	13,12	33,12	6,23
2000	69.381	21.825	20.959	53.907	166.072	2.595.392	41,78	13,14	12,62	32,46	6,40
2001	70.021	21.865	21.136	54.710	167.732	2.645.317	41,75	13,04	12,60	32,62	6,34
2002	66.276	21.942	21.215	56.293	165.726	2.710.400	39,99	13,24	12,80	33,97	6,11
2003	71.748	22.396	21.560	58.373	174.077	2.813.159	41,22	12,87	12,39	33,53	6,19
2004	74.809	22.479	22.118	61.571	180.977	2.942.583	41,34	12,42	12,22	34,02	6,15
2005	77.023	23.122	22.452	63.125	185.722	3.064.129	41,47	12,45	12,09	33,99	6,06
2006	79.170	23.780	22.843	65.849	191.642	3.174.393	41,31	12,41	11,92	34,36	6,04
2007	82.873	24.609	23.520	69.018	200.020	3.336.657	41,43	12,30	11,76	34,51	5,99
2008	84.220	25.035	23.711	70.408	203.374	3.422.239	41,41	12,31	11,66	34,62	5,94
2009	83.748	24.861	23.304	69.350	201.263	3.355.830	41,61	12,35	11,58	34,46	6,00
2010	82.729	24.714	23.100	68.331	198.874	3.291.263	41,60	12,43	11,62	34,36	6,04
2011	81.321	24.499	22.987	67.728	196.535	3.250.576	41,38	12,47	11,70	34,46	6,05
2012	80.408	24.288	22.845	66.970	194.511	3.199.617	41,34	12,49	11,74	34,43	6,08
2013	80.215	24.022	22.694	66.067	192.998	3.146.570	41,56	12,45	11,76	34,23	6,13
2014	79.854	23.703	22.663	65.525	191.745	3.119.310	41,65	12,36	11,82	34,17	6,15
2015	81.432	24.087	22.991	67.085	195.595	3.186.878	41,63	12,31	11,75	34,30	6,14
2016	82.156	24.353	23.061	67.968	197.538	3.236.582	41,59	12,33	11,67	34,41	6,10
2017	82.403	24.549	23.140	68.831	198.923	3.282.346	41,42	12,34	11,63	34,60	6,06

Elaboración propia.

Fonte: INE, DIRCE.

Este marco temporal permite diferenciar a evolución do número de empresas na etapa de maior incidencia da crise e na posterior a esta (cadro 2.4b). A partir do ano 2009 a tendencia é decrecente en todas as provincias galegas, coma tamén en contexto estatal. Pontevedra e A Coruña recollen as maiores contraccións. De feito, das 11.629 empresas menos que se rexistran en Galicia entre 2008 e 2014, un 79,5% encontrábanse en ditas provincias. A comunidade galega sofre unha redución do 5,7% do número de empresas rexistradas neses sete anos, tres puntos inferior á media do Estado (8,8%). Non obstante, a recuperación no número de empresas dende 2014 tamén é máis leve na nosa comunidade, posto que entre dito ano e 2017 tan só medra nun 3,74% fronte ao 5,23% de media estatal. Iso significa que, das 163.036 empresas máis que figuran en España en 2017 en relación con 2014, o 4,40% son empresas galegas. A provincia de Pontevedra presenta o mellor dato no relacionado co número de empresas rexistradas nese período, próximo á media do conxunto de España (5,05%). Pola contra, Ourense presenta a menor taxa de crecemento nos últimos tres anos (2,10%).

Cadro 2.4b

Evolución interanual nº empresas (2007-2017)


Ano	Variación Anual nº empresas					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2008	1,63	1,73	0,81	2,01	1,68	2,56
2009	-0,56	-0,70	-1,72	-1,50	-1,04	-1,94
2010	-1,22	-0,59	-0,88	-1,47	-1,19	-1,92
2011	-1,70	-0,87	-0,49	-0,88	-1,18	-1,24
2012	-1,12	-0,86	-0,62	-1,12	-1,03	-1,57
2013	-0,24	-1,10	-0,66	-1,35	-0,78	-1,66
2014	-0,45	-1,33	-0,14	-0,82	-0,65	-0,87
2015	1,98	1,62	1,45	2,38	2,01	2,17
2016	0,89	1,10	0,30	1,32	0,99	1,56
2017	0,30	0,80	0,34	1,27	0,70	1,41

Elaboración propia.

Fonte: INE, DIRCE.

Por outra banda, tamén se detecta unha tendencia á estabilidade no reparto do número de empresas entre as catro provincias galegas. En concreto, dende 1995 ata a actualidade case 3 de cada 4 empresas está na Coruña ou Pontevedra. A concentración relativa de empresas na provincia da Coruña (41,44%) e Lugo (12,71%) son similares á representatividade da súa poboación (41,39% e 12,31% respectivamente), mentres que a da provincia de Pontevedra (34,67%) é lixeiramente inferior ao seu peso poboacional (34,80%) e a de Ourense levemente superior (12,18% de empresas cun 11,50% de poboación). O gráfico 2.5 representa a participación do número de empresas de cada provincia (en media) no total de empresas de Galicia.

Gráfico 2.5



A análise dos datos das empresas no período 2014-2016 segundo os rexistros do IGE (cadro 2.4c) revela resultados de interese. O sector servizos é o que presenta un maior crecemento do número de empresas rexistradas en todas as provincias. A taxa de variación das empresas do sector primario recolle valores negativos nos dous anos e para todas as provincias, como o sector industrial, con excepción da provincia de Pontevedra. Os datos permiten corroborar a tendencia antes apuntada á unha ralentización no bienio 2015/2016 en comparación cos datos do ano anterior.

Pontevedra é a provincia que presenta unha menor redución de empresas rexistradas no trienio, todas elas no sector primario. No polo oposto figura a provincia de Ourense, onde o número de empresas decrece en todos os sectores agás o de servizos. A creación de empresas neste sector apenas chega para absorber a destrución producida nos resto dos sectores produtivos.

Cadro 2.4c

Evolución interanual nº empresas e unidades locais por provincias (2014-2016)													
		A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
		2014	2015	2016	2014	2015	2016	2014	2015	2016	2014	2015	2016
Total Empresas	Total	100.168	100.761	101.083	37.597	37.551	37.337	27.009	27.205	27.106	78.638	79.900	80.764
	Agricultura e pesca	16.759	16.274	15.934	12.835	12.508	12.070	3.666	3.556	3.424	10.919	10.855	10.767
	Industria	5.865	5.792	5.717	1.910	1.903	1.873	2.150	2.131	2.109	4.997	5.018	5.050
	Construción	12.994	13.104	13.162	4.095	4.129	4.124	4.293	4.256	4.243	10.122	10.332	10.325
	Servizos	64.550	65.591	66.270	18.757	19.011	19.270	16.900	17.262	17.330	52.600	53.695	54.622
		ABS	REL		ABS	REL		ABS	REL		ABS	REL	
Variación 2016-14	Total	915	0,91		-260	-0,69		97	0,36		2.126	2,70	
	Agricultura e pesca	-825	-4,92		-765	-5,96		-242	-6,60		-152	-1,39	
	Industria	-148	-2,52		-37	-1,94		-41	-1,91		53	1,06	
	Construción	168	1,29		29	0,71		-50	-1,16		203	2,01	
	Servizos	1.720	2,66		513	2,73		430	2,54		2.022	3,84	
		15/14	16/15		15/14	16/15		15/14	16/15		15/14	16/15	
Taxa Variación	Total	0,59	0,32		-0,12	-0,57		0,73	-0,36		1,60	1,08	
	Agricultura e pesca	-2,89	-2,09		-2,55	-3,50		-3,00	-3,71		-0,59	-0,81	
	Industria	-1,24	-1,29		-0,37	-1,58		-0,88	-1,03		0,42	0,64	
	Construción	0,85	0,44		0,83	-0,12		-0,86	-0,31		2,07	-0,07	
	Servizos	1,61	1,04		1,35	1,36		2,14	0,39		2,08	1,73	

IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Centrando á análise no último bienio (cadro 2.4d) o número de empresas medrou nas catro provincias galegas, case un 1% en 2016 e algo menos (0,70%) en 2017. Esta lixeira desaceleración é superior á acontecida en España, que é unha escasa décima porcentual (1,56% e 1,41% en cada ano).

Cadro 2.4d

Evolución nº Empresas por provincia 2015/2017


Ano	Nº EMPRESAS					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2015	81.432	24.087	22.991	67.085	195.595	3.186.878
2016	82.156	24.353	23.061	67.968	197.538	3.236.582
2017	82.403	24.549	23.140	68.831	198.923	3.282.346
Variación Absoluta						
16-15	724	266	70	883	1943	49704
17-16	247	196	79	863	1385	45764
Variación Relativa						
16-15	0,89	1,10	0,30	1,32	0,99	1,56
17-16	0,30	0,80	0,34	1,27	0,70	1,41

Elaboración propia.

Fonte: INE, DIRCE.

Pontevedra segue a ser a provincia que presenta un maior dinamismo, cun crecemento do 1,32% en 2016 e do 1,27% no último ano. A Coruña perde o segundo posto en favor de Lugo, que rexistra crecementsos superiores á media galega en ambos casos (1,1% en 2016 e 0,80% no 2017) fronte ao 0,89% e 0,30% respectivos da provincia coruñesa. En último lugar atópase Ourense, con incrementos relativos do 0,30% e 0,34% no bienio. Este liderado da provincia pontevedresa vese reflectido tamén na taxa de crecemento anual do número de empresas, que medran a unha media anual do 1,75% dende 1995. Este dato sitúaa sobre a media galega (1,37%) e estatal (1,63%). O gráfico 2.6 permite observar o crecemento relativo anual do número de empresas no período 2005-2016 en cada provincia. Compróbase unha caída importante entre 2007 e 2009 en todos os casos, como tamén que a variación interanual se mantén en valores negativos ata 2014. A partir dese ano rexístranse valores positivos, pero con tendencia decrecente no último bienio. Como xa se comentou, Pontevedra lidera as porcentaxes de crecemento, mentres que Ourense presenta o menor dinamismo.

Gráfico 2.6



O cadro 2.5 reflicte o número de empresas inscritas en Galicia –distribuídas por provincias- e en España. Nese contexto, das 197.538 unidades produtivas rexistradas en 2016 –e con independencia da data en que comezan a súa actividade comercial- 109.345 están constituídas como persoa física (55,35%). En 2017 esta porcentaxe aumenta lixeiramente, ata un 57% do total (198.923). A continuación figuran as sociedades inscritas como persoa xurídica, onde destacan claramente as de responsabilidade limitada cun peso do 33,12% e un 32,79% en 2015 e 2016, respectivamente. En terceira situación atópanse os organismos autónomos, que supoñían preto dun 6% das empresas galegas en 2016 e 4,79% en 2017. A análise da distribución das empresas segundo a súa forma xurídica por provincias amosa que esta coincide nas catro provincias galegas, sendo as provincias de Lugo e Ourense as que presentan as porcentaxes máis altas de empresas baixo a forma de persoa física (un 60% en 2017). O único comportamento diferencial atopámolo na provincia de Lugo, onde os organismos autónomos ceden o terceiro posto en favor das comunidades de bens. Dita forma xurídica acada unha representación superior ao 6% das empresas da provincia, o que case duplica a media de Galicia en dita modalidade (3,32% en 2017).

Cadro 2.5

Empresas segundo condición xurídica, por provincias. Galicia/España 2009-2017


Empresas segundas conxición xarxada por provincias: Galicia-España 2009-2017											
	Total empresas	Persoas físicas	SOCIEDADES					Comunidades de bens	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos	
			Anónimas	Responsabilidade limitada	Colectivas	Comanditarias	Cooperativas				
A Coruña	2009	83.748	48.259	1.644	25.694	8	-	380	989	6.505	169
	2010	82.729	47.251	1.572	25.692	7	-	381	1.030	6.636	160
	2011	81.321	46.042	1.576	25.294	7	-	366	1.060	6.799	177
	2012	80.408	44.779	1.547	25.509	7	-	374	1.136	6.874	182
	2013	80.215	44.410	1.460	25.875	7	-	370	1.172	6.739	182
	2014	79.854	43.511	1.395	26.166	7	-	382	1.256	6.952	185
	2015	81.432	44.624	1.356	26.358	7	-	374	1.327	7.200	186
	2016	82.156	45.758	1.297	26.362	6	1	369	1.409	6.769	185
	2017	82.403	47.819	1.214	26.044	6	1	366	1.635	5.132	186
Lugo	2009	24.861	15.355	292	6.818	-	-	160	1.650	530	56
	2010	24.714	15.127	280	6.848	-	-	151	1.620	624	60
	2011	24.499	14.821	268	6.908	-	-	152	1.644	644	62
	2012	24.288	14.481	269	6.982	-	-	148	1.652	694	62
	2013	24.022	14.265	283	6.975	-	-	143	1.613	697	66
	2014	23.703	13.895	256	7.002	-	-	151	1.623	713	63
	2015	24.087	14.069	240	7.120	-	-	161	1.648	786	63
	2016	24.353	14.319	233	7.143	-	-	162	1.638	794	64
	2017	24.549	14.649	222	7.187	-	-	158	1.518	756	59
Ourense	2009	23.304	14.145	452	6.776	2	-	105	333	1.429	62
	2010	23.100	13.877	440	6.811	2	4	105	347	1.450	64
	2011	22.987	13.648	437	6.864	2	3	112	354	1.505	62
	2012	22.845	13.404	436	6.906	1	3	111	378	1.546	60
	2013	22.694	13.258	416	6.925	-	3	115	374	1.542	61
	2014	22.663	13.071	398	6.998	-	3	112	402	1.622	57
	2015	22.991	13.236	376	7.063	-	4	116	421	1.715	60
	2016	23.061	13.432	369	7.073	-	4	114	436	1.573	60
	2017	23.140	13.851	355	7.096	-	4	109	454	1.211	60
Pontevedra	2009	69.350	36.637	1.517	25.668	2	-	278	2.983	2.153	112
	2010	68.331	35.978	1.438	25.321	2	-	267	2.924	2.291	110
	2011	67.728	35.531	1.419	25.124	2	-	263	2.929	2.346	114
	2012	66.970	34.768	1.395	25.078	2	-	265	2.903	2.445	114
	2013	66.067	34.341	1.326	24.838	2	-	272	2.747	2.427	114
	2014	65.525	33.669	1.297	24.794	2	-	276	2.856	2.515	116
	2015	67.085	34.812	1.250	24.967	2	-	279	2.989	2.669	117
	2016	67.968	35.836	1.190	24.853	2	-	275	3.029	2.674	109
	2017	68.831	36.976	1.146	24.890	1	-	285	2.994	2.430	109
Galicia	2009	201.263	114.396	3.905	64.956	12	-	923	5.955	10.617	399
	2010	198.874	112.233	3.730	64.672	11	4	904	5.921	11.001	394
	2011	196.535	110.042	3.700	64.190	11	3	893	5.987	11.294	415
	2012	194.511	107.432	3.647	64.475	10	3	898	6.069	11.559	418
	2013	192.998	106.274	3.485	64.613	9	3	900	5.906	11.405	423
	2014	191.745	104.146	3.346	64.960	9	3	921	6.137	11.802	421
	2015	195.595	106.741	3.222	65.508	9	4	930	6.385	12.370	426
	2016	197.538	109.345	3.089	65.431	8	5	920	6.512	11.810	418
	2017	198.923	113.295	2.937	65.217	7	5	918	6.601	9.529	414
España	2009	3.355.830	1.793.897	109.330	1.140.820	306	85	23.483	114.831	164.284	8.794
	2010	3.291.263	1.745.912	105.203	1.125.990	269	91	22.702	114.186	168.364	8.546
	2011	3.250.576	1.706.565	104.636	1.122.786	256	98	22.273	114.064	171.268	8.630
	2012	3.199.617	1.656.467	102.532	1.123.574	231	100	21.764	113.823	172.495	8.631
	2013	3.146.570	1.619.614	96.600	1.125.041	228	89	20.990	109.117	166.174	8.717
	2014	3.119.310	1.574.729	92.986	1.137.696	210	91	20.761	111.771	172.323	8.743
	2015	3.186.878	1.626.938	89.392	1.146.131	203	85	20.719	116.045	178.588	8.777
	2016	3.236.582	1.681.838	85.430	1.152.813	179	83	20.571	115.823	171.019	8.863
	2017	3.282.346	1.747.159	81.954	1.162.254	166	83	20.656	115.377	145.834	8.826

A categoría de sociedades anónimas está liderada pola provincia da Coruña, con 1.297 entidades en 2016 e 1.214 en 2017. Nunha situación moi próxima sitúase Pontevedra, con 1.190 e 1.146, respectivamente, no bienio. Cabe destacar que ditas

provincias aportan máis do 80% de sociedades anónimas da comunidade galega dende 2009. No que se refire ás formas xurídicas menos relevantes, Ourense é a provincia onde se sitúan case en exclusividade sociedades comanditarias. A sociedade cooperativa presenta un peso porcentual inferior ao 0,50% en Galicia, sendo Lugo a provincia onde as cooperativas presentan unha maior representación en comparación coas empresas da provincia (0,60%). Pese a isto, A Coruña aporta máis do 40% do total de cooperativas en Galicia.

No gráfico 2.7 recóllese a evolución das empresas galegas entre 2015 e 2017. Pode apreciarse un incremento neto do número de sociedades no total de Galicia, liderado polo aumento das conformadas baixo a forma xurídica dominante (persoa física). No ano 2016 rexistráronse 3.950 empresas máis que en 2015, un incremento dun 52%. Tamén se observa un incremento –máis leve- nas empresas que escollen como modalidade as comunidades de bens. Non obstante, este aumento non é suficiente para absorber na súa totalidade as caídas noutros tipos societarios, nomeadamente nas asociacións (2.841 menos dende 2016).

Gráfico 2.7



O cadro 2.6 presenta a distribución das empresas e en función do número de asalariados e asalariadas na última década. Dende esta perspectiva, as empresas volven a caracterizarse pola súa reducida dimensión. Así, das 198.923 empresas existentes en Galicia a 1 de xaneiro de 2017, segundo o DIRCE, o 54,36% son empresas sen persoal asalariado (un punto menos que a media do conxunto estatal). Ademais, outras 58.247 empresas (un 29,28% do total) tiñan unha ou dúas persoas traballadoras. Se sumamos ambos grupos, un 83,46% das empresas galegas teñen

menos de dous persoas traballando por conta allea (unha porcentaxe lixeiramente superior ao equivalente nas empresas españolas, que é do 82,8%).

Das que teñen asalariados e asalariadas, algo máis do 64% teñen menos de dúas persoas traballando, preto do 92% menos de dez, e a práctica totalidade menos de 50. As empresas cuxo persoal asalariado supera as 200 persoas non chegan ao 0,25% do total de empresas con asalariados/as. Polo tanto, a práctica totalidade do tecido empresarial galego –o 99,89% equivalente a 198.706 unidades produtivas- está constituído por pemes e micropemes.

Cadro 2.6

Empresas segundo estrato de persoal asalariado (Provincias/Galicia/España 2016-17)

		Sen asalariados/as		Con asalariados/as				
		Nº	%	Nº	De 1 a 2	Menos de 10	Menos de 50	Más de 200
A Coruña	2016	45.671	55,59	36.485	64,43	91,62	98,51	0,32
	2017	46.038	55,87	36.365	63,95	91,48	98,51	0,34
Lugo	2016	12.781	52,48	11.572	65,12	93,48	99,32	0,09
	2017	13.021	53,04	11.528	65,66	93,42	99,32	0,10
Ourense	2016	12.404	53,79	10.657	66,85	93,39	99,06	0,16
	2017	12.549	54,23	10.591	66,51	93,00	99,07	0,15
Pontevedra	2016	35.837	52,73	32.131	63,73	91,76	98,81	0,18
	2017	36.526	53,07	32.305	63,08	91,47	98,74	0,20
Galicia	2016	106.693	54,01	90.845	64,56	92,12	98,78	0,22
	2017	108.134	54,36	90.789	64,16	91,90	98,76	0,24
España	2016	1.791.909	55,36	1.444.673	61,99	90,35	98,37	0,36
	2017	1.823.250	55,55	1.459.096	61,28	90,03	98,30	0,38

A provincia que ten unha maior porcentaxe de empresas que non chegan a dez persoas asalariadas é Lugo (43,87% do total), que supera lixeiramente a media en Galicia (41,92%) e España (40,02%). No extremo contrario, A Coruña e Pontevedra aportan o maior número de persoas traballando por conta allea, superando lixeiramente o 40% e o 35% respectivamente no bienio 2016-2017. Polo tanto, tres de cada catro persoas que traballan por conta allea en Galicia fanlo en empresas destas provincias. Lugo, pola súa banda, aporta un 12,70% do persoal asalariado, mentres que Ourense queda en último lugar, en torno a un 11,70%. Cabe salientar, ademais, que A Coruña presenta a maior concentración de empresas con máis de 20 persoas traballando, cun 43,74% do total de empresas desta categoría (44,23% en 2016).

A información extraída da explotación do directorio de empresas e unidades locais do IGE permite obter unha visión máis detallada desta estrutura de empresas para 2016 (cadro 2.7). O sector primario, non incluído na base anterior, ten unha estrutura similar á debuxada para o resto de sectores, con presenza maioritaria de micropemes e, de

xeito destacado, das de menor tamaño: case o 97% teñen entre 1 e 2 persoas traballadoras. As empresas do grupo “O” (Administración pública e Defensa) son as que concentran o menor número de empresas de pequeno tamaño, con só un 11,5% de empresas con menos de 10 persoas asalariadas. Asemade, son tamén as que concentran o maior número de empresas con máis de 10 persoas asalariadas con independencia do estrato de análise. Pola súa banda, as empresas extractivas e do sector hostaleiro presentan a maior porcentaxe de empresas entre 3 e 9 persoas traballadoras.


Cadro 2.7

Empresas e unidades locais segundo estrato de persoal asalariado (Galicia, 2016)

	Con asalariados/as				
	De 1 a 2	Entre 3 e 9	Entre 10 e 49	Entre 50 e 249	250 ou máis
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	40.834	1.042	306	13	0
B. Industrias extractivas	181	57	49	5	0
C. Industria manufacturera	9.392	2.590	1.421	319	34
D. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	375	28	9	5	0
E. Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	182	48	40	12	2
F. Construción	28.798	2.367	626	62	1
G. Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	45.290	6.412	1.374	99	15
H. Transporte e almacenamento	9.727	1.220	496	60	4
I. Hostalaría	16.575	4.178	600	33	2
J. Información e comunicacións	2.234	252	99	27	5
K. Actividades financeiras e de seguros	4.450	218	30	5	2
L. Actividades inmobiliarias	5.916	191	18	1	0
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	20.067	1.548	332	29	4
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	4.975	581	271	65	15
O. Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria	14	34	197	146	26
P. Educación	5.190	684	335	67	7
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	6.683	866	371	80	21
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	3.932	433	156	29	1
S. Outros servizos	9.537	1.090	159	13	1
Total	214.352	23.839	6.889	1.070	140

As empresas sen persoal asalariado medran dende 2007 a un ritmo medio en Galicia do 0,90% anual, algo superior á media española (0,67%). Pontevedra lidera este crecemento, cunha taxa anual de crecemento do 1,32%. No que atinxe ás empresas con persoal por conta allea, presentan taxas globais negativas. A recuperación dende 2015 non é suficiente para compensar a destrución dos anos precedentes (gráfico 2.8).

Gráfico 2.8



O cadro 2.8 amosa as porcentaxes de empresas con e sen persoal asalariado en España e Galicia dende 1999, incluíndo o detalle provincial no último caso. Neste contexto, xorden algúns resultados de especial interese:

- A porcentaxe de empresas con persoal asalariado na nosa comunidade ven caendo de forma constante dende 2010. Esta redución prodúcese nas catro provincias, aínda que A Coruña presenta un comportamento de maior estabilidade.
- No bienio 2016-2017, porén, a porcentaxe de empresas con persoal contratado por conta allea mantense estable (46%) por riba da porcentaxe no conxunto do Estado (44,89%).
- A porcentaxe de empresas sen persoal asalariado é menor en Galicia que en España. Non obstante, mentres que estas empresas crecen cun ritmo de media do 1,36% anual dende 1995 (20 décimas por debaixo do crecemento medio anual en España), no período de recuperación da crise pasa a acadar o 3,03%, moi superior ao ritmo da media estatal (0,28%).
- En contraste co anterior, mentres o número de empresas con persoal asalariado en España medra dende 2014 cunha media de 1,71% anual, en Galicia decrecen a un 0,75% en media anual. As catro provincias galegas –e moi claramente Pontevedra e Coruña– reproducen esta tendencia de crecemento de empresas sen persoal asalariado nos tres últimos anos.

Cadro 2.8

%Empresas con e sen persoal asalariado. Galicia e Provincias, España. 1999-2017

	España		Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado	
	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen
1999	44,45	55,55	45,64	54,36	44,13	55,87	46,96	53,04	45,77	54,23	46,93	53,07
2000	44,64	55,36	45,99	54,01	44,41	55,59	47,52	52,48	46,21	53,79	47,27	52,73
2001	44,96	55,04	46,52	53,48	44,88	55,12	47,96	52,04	46,37	53,63	48,05	51,95
2002	46,38	53,62	48,44	51,56	46,64	53,36	49,69	50,31	47,79	52,21	50,40	49,60
2003	46,56	53,44	48,83	51,17	47,00	53,00	50,17	49,83	48,07	51,93	50,82	49,18
2004	44,84	55,16	47,34	52,66	45,09	54,91	48,46	51,54	46,80	53,20	49,83	50,17
2005	44,77	55,23	47,52	52,48	44,86	55,14	49,12	50,88	47,16	52,84	50,26	49,74
2006	46,10	53,90	48,72	51,28	46,54	53,46	49,87	50,13	47,45	52,55	51,37	48,63
2007	47,33	52,67	49,78	50,22	47,45	52,55	50,46	49,54	48,09	51,91	52,91	47,09
2008	48,74	51,26	50,77	49,23	48,57	51,43	51,40	48,60	48,96	51,04	53,78	46,22
2009	48,87	51,13	50,58	49,42	48,28	51,72	51,53	48,47	48,86	51,14	53,59	46,41
2010	49,06	50,94	50,89	49,11	48,63	51,37	51,68	48,32	49,02	50,98	53,97	46,03
2011	48,63	51,37	50,62	49,38	48,20	51,80	51,41	48,59	48,79	51,21	53,95	46,05
2012	49,01	50,99	50,58	49,42	48,21	51,79	51,45	48,55	48,31	51,69	53,97	46,03
2013	48,10	51,90	49,61	50,39	47,58	52,42	50,17	49,83	47,33	52,67	52,72	47,28
2014	47,41	52,59	49,32	50,68	48,11	51,89	49,44	50,56	46,37	53,63	51,79	48,21
2015	46,74	53,26	47,72	52,28	45,61	54,39	48,35	51,65	45,46	54,54	51,03	48,97
2016	45,39	54,61	46,05	53,95	44,05	55,95	46,24	53,76	43,76	56,24	49,46	50,54
2017	44,89	55,11	46,02	53,98	44,94	55,06	45,15	54,85	42,87	57,13	48,94	51,06
TCA 1999-2017	1,43	1,53	1,28	1,36	1,39	1,57	1,02	0,61	1,02	0,36	1,33	1,79
TCA 2014-2017	1,71	0,28	-0,75	3,03	-0,79	2,61	-0,71	2,97	-0,74	1,98	-0,73	3,97

O número de empresas de cada un dos estratos de asalariados/as en Galicia e España figura no cadro 2.9. Na comparanza das porcentaxes Galicia-España apréciase que a participación relativa de Galicia no total español é maior que a correspondente á nosa poboación (5,82%) nos extremos, isto é, nas empresas de menos de 6 persoas traballadoras e no de máis de 5.000. Este é precisamente o tramo de maior representatividade nas empresas galegas no conxunto do Estado (6,78% en 2017).

Cadro 2.9

Número de empresas, por estrato de asalariados/as. Galicia/España. 2016 e 2017

Número de empresas, por estado de asalariados/as en Galicia, España y UE.														
		Total empresas	Sen asalariados/as	Con persoal asalariado										
				1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50-99	100-199	200-499	500-999	1.000-4.999	5.000 ou máis
2016	Galicia	197.538	106.693	58.647	18.347	6.690	3.844	2.212	620	282	137	25	34	7
	España	3.236.582	1.791.909	895.574	292.403	117.293	75.022	40.895	12.020	6.243	3.489	951	674	109
	% Galicia/España	6,1	6,0	6,5	6,3	5,7	5,1	5,4	5,2	4,5	3,9	2,6	5,0	6,4
2017	Galicia	198.923	108.134	58.247	18.334	6.853	3.962	2.267	616	293	150	30	29	8
	España	3.282.346	1.823.250	894.179	298.744	120.696	77.632	43.079	12.540	6.674	3.756	969	709	118
	% Galicia/España	6,1	5,9	6,5	6,1	5,7	5,1	5,3	4,9	4,4	4,0	3,1	4,1	6,8

O cadro 2.10 permite ver a evolución nos últimos dezoito anos da porcentaxe de empresas en función do número de persoas contratadas por conta allea. Pódese comprobar que a concentración só é superior en Galicia en comparación con España nas empresas de menor tamaño, e tende a igualarse nas que teñen entre 3 e 5 persoas

traballadoras. A partir de aí, as diferenzas van aumentando a prol do conxunto do Estado.

Cadro 2.10

Nº Empresas por estrato de asalariados e asalariadas


	Galicia						España					
	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis
2000	59,5	21,1	8,7	6,1	3,4	1,2	56,6	20,9	9,2	7,2	4,2	1,9
2001	59,3	20,9	9,3	6,0	3,2	1,3	56,0	21,0	10,2	7,0	3,9	1,9
2002	59,0	21,1	9,3	6,0	3,3	1,3	55,8	21,1	10,2	7,0	3,9	1,7
2003	59,8	20,8	9,0	5,9	3,2	1,3	56,2	21,1	10,1	6,9	3,8	1,9
2004	59,9	21,1	8,9	5,8	3,1	1,2	56,7	21,1	9,9	6,8	3,7	1,8
2005	60,1	20,8	8,9	5,7	3,2	1,3	57,1	20,9	9,8	6,7	3,8	1,8
2006	60,0	20,9	8,9	5,7	3,2	1,3	56,6	21,1	9,9	6,8	3,8	1,8
2007	60,1	20,9	8,9	5,7	3,1	1,4	57,2	20,9	9,7	6,7	3,7	1,8
2008	60,0	20,8	8,9	5,7	3,2	1,4	57,5	20,7	9,6	6,6	3,7	1,8
2009	59,8	21,3	9,0	5,5	3,1	1,4	57,9	20,9	9,5	6,4	3,5	1,8
2010	60,6	21,1	8,9	5,1	2,9	1,3	58,9	21,0	9,4	5,8	3,2	1,7
2011	60,0	21,8	8,9	5,2	2,8	1,3	58,3	21,5	9,5	5,8	3,2	1,7
2012	62,4	20,3	8,6	4,8	2,6	1,3	60,5	20,1	9,2	5,5	3,0	1,7
2013	65,1	19,2	7,9	4,4	2,3	1,2	63,0	19,2	8,5	5,1	2,7	1,6
2014	66,1	19,3	7,0	4,1	2,3	1,2	63,7	19,7	7,7	4,9	2,6	1,5
2015	65,4	19,8	7,1	4,2	2,3	1,1	62,8	20,1	7,9	5,0	2,7	1,6
2016	64,6	20,2	7,4	4,2	2,4	1,2	62,0	20,2	8,1	5,2	2,8	1,6
2017	64,2	20,2	7,5	4,4	2,5	1,2	61,3	20,5	8,3	5,3	3,0	1,7

Elaboración propia, a partir dos datos do DIRCE.

(1) Calculado sobre o total de empresas que teñen algún asalariado/a.

Analizando o acontecido dende o ano 2000, obsérvase que o comentado no cadro anterior coincide co comportamento en media dos anos precedentes. Así, o gráfico 2.9 permite constatar que as empresas que teñen menos de dous persoas traballadoras son o único caso onde a concentración relativa en Galicia supera á española, e que a porcentaxe de empresas que teñen entre 3 e 5 persoas traballadoras é similar. Nos restantes estratos, incluído o correspondente ao de empresas sen persoal asalariado, presentan unha concentración menor nas empresas galegas.

Gráfico 2.9



A Estatística de sociedades mercantís mide, dende hai 80 anos, a demografía das sociedades con información detallada mensual –desagregada por provincias e CC.AA. - sobre as sociedades creadas e disoltas, como tamén aquelas onde se produciron modificacións de capital. Para iso utiliza como fonte de información o Rexistro Mercantil Central, que recolle toda a información provincial sobre sociedades e empresarios e os actos mercantís determinados por Lei.

Este apartado comeza coa análise da taxa de variación anual da constitución de sociedades mercantís, que dá medida do dinamismo empresarial da comunidade autónoma e do marco estatal. O cadro 2.11 amosa o número de sociedades creadas e disoltas no período dende 2014 a 2017.

Cadro 2.11**Sociedades mercantís creadas e disoltas. Galicia/España. 2014-2017**

		Creadas	% variación anual	Disoltas	% variación anual
2014	Galicia	4.266	-0,21	1.528	-21,10
	España	94.152	0,80	21.850	-11,90
2015	Galicia	3.968	-6,99	1.512	-1,05
	España	94.644	0,52	20.758	-5,00
2016	Galicia	4.533	14,24	1.495	-1,12
	España	101.047	6,77	21.223	2,24
2017	Galicia	4.066	-10,30	1.428	-4,48
	España	94.377	-6,60	21.558	1,58

Nota: Os datos son provisionais dende marzo de 2017.

Fonte: INE.


Despois de dous anos seguidos de caídas no número de sociedades mercantís, os datos do Rexistro Mercantil reflicten que en 2016 se crearon en Galicia máis de 4.500 sociedades, case 570 máis que en 2015. En termos interanuais, o número de sociedades incrementou un 14,24%. A dinámica cambia en 2017, onde se crean 467 sociedades menos que implican unha variación interanual negativa do 10,30%.

Pola súa banda, o número de sociedades disoltas segue en variacións interanuais negativas por cuarto ano consecutivo, destacando en particular o ano 2017 no que a taxa interanual de disolución en Galicia queda próxima ao -4,5%. No 2016 en Galicia disolvéronse dezasete sociedades menos que en 2015, e no 2017 sesenta e sete menos que no ano precedente. Estes datos contrastan coa evolución crecente do número de sociedades disoltas en España dende 2015. Así, se en 2015 o 7,28% das sociedades disoltas en España eran galegas, no 2017 esta porcentaxe pasa a ser do 6,62%.

Como se pode comprobar no gráfico 2.10, o ano 2016 constitúe unha dinámica atípica na evolución de taxas de variación na creación de sociedades mercantís en Galicia en relación coa española. As taxas galegas, salvo algunha excepción, como 2010, son lixeiramente inferiores ás do conxunto do Estado. Non obstante, en 2016 a importante suba da taxa –máis de vinte e un puntos dende 2015- a sitúa moi por enriba da media española, case 7,5 puntos. A caída rexistrada no 2017, vólvea a parámetros máis próximos á tendencia en relación coa taxa media de España. Froito desta


variabilidade, a porcentaxe que a comunidade galega representa no total de sociedades constituídas en España pasa dun 4,53% en 2014 ao actual 4,23%.

Gráfico 2.10



A análise da evolución da taxa de variación da disolución de sociedades presenta un resultado lixeiramente diferente. A partir de 2014, as variacións en Galicia son menores que no conxunto do Estado. En particular, como xa se anticipou, no ano 2017 a taxa interanual en Galicia é catro veces inferior a española (gráfico 2.11).

Gráfico 2.11



A evolución do número de sociedades mercantís, contemplada na súa globalidade dende o ano 2008 e distribuída por CC.AA., permite observar que o número de

sociedades constituídas decrece en media anual en todas elas, agás Canarias e Madrid. O maior ritmo de decrecemento corresponde a Castela-A Mancha, onde o ritmo de creación diminúe nunha media anual do 6,75% na última década. Pola contra, o número de sociedades disoltas vense incrementando anualmente, salvo en Cataluña e a Comunidade Valenciana, sendo Murcia a que presenta un maior crecemento. No conxunto do Estado, en 2017, creáronse 9.246 sociedades menos que en 2008; e disolvéronse 5.346 sociedades máis que nese ano. Como dato destacable, a creación de sociedades diminúe anualmente ata 2014, ano no que empeza unha tendencia crecente que queda truncada no 2017. No caso da disolución de sociedades pode facerse o comentario contrario: está en valores crecentes ata 2013, onde empeza unha diminución que queda interrompida en 2017 (cadro 2.12).

Cadro 2.12


**Taxa de crecemento anual sociedades mercantís
constituídas e disoltas (2008-2017)**

	TCA Sociedades (2008-2017)	
	Constituídas	Disoltas
Andalucía	-0,32	2,91
Aragón	-1,79	0,79
Asturias	-1,89	1,21
Baleares	1,79	4,32
Canarias	0,19	3,99
Cantabria	-1,21	2,50
Castela e León	-3,21	3,86
Castela-A Mancha	-6,75	2,45
Cataluña	-0,14	-1,35
C. Valenciana	-1,03	-0,28
Extremadura	-3,89	2,91
Galicia	-3,15	3,79
Madrid	0,10	6,33
Murcia	-2,28	9,97
Navarra	-5,54	3,94
País Vasco	-3,50	3,11
A Ríoxa	-3,59	7,04

No bienio 2016-2017 os movementos de variación interanual nas diferentes CC.AA. seguen unha tendencia similar á debuxada para Galicia. A creación de empresas presenta variacións interanuais positivas en 2016, que pasan a ser negativas en 2017 coa excepción de Canarias e a Comunidade Foral de Navarra. A maior taxa de variación rexístrase na Ríoxa, tanto no crecemento do ano 2016 coma na variación negativa en 2017. En termos absolutos, o maior incremento do número de sociedades en 2016 amósase en Cataluña e Madrid, con 21.769 e 19.924 sociedades máis,


respectivamente. Pola contra, o menor número de sociedades creadas en 2016 atópase na Rioxa. Os datos en 2017 son similares, pese a que o liderado pasa á comunidade madrileña en detrimento da catalá (gráfico 2.12).

Gráfico 2.12




No que atinxe as sociedades disoltas, a comparación entre as diferentes CC.AA. presenta unha maior variabilidade (gráfico 2.13). O máis salientable é que só cinco (A Rioxa, Cataluña, Galicia, País Vasco e Castela e León) presentan dúas taxas interanuais consecutivas negativas. Destas comunidades, Galicia é a terceira na diminución media no bienio, sendo Cataluña onde maior é a redución do número de sociedades disoltas nos dous anos. En termos absolutos, Madrid e Andalucía achegan o maior número de sociedades disoltas nos dous anos, correspondendo a Navarra o menor número.

Gráfico 2.13




Unha das características máis destacadas no que se refire ás sociedades mercantís é a alta concentración que presentan en determinadas CC.AA. O gráfico 2.14 amosa o número medio de creación e disolución de sociedades nos últimos dez anos, distribuídos por CC.AA. Pódese comprobar como Madrid, Cataluña, Comunidade Valenciana e Andalucía inclúen o maior número de sociedades en media anual, tanto no que se refire ás que se crean coma as disoltas. Galicia ocupa o quinto lugar en ambas clasificacións.

Gráfico 2.14



A este respecto, pódese salientar que Galicia vai perdendo peso relativo no conxunto do Estado, tanto no que se refire ás sociedades disoltas –o que é positivo- como nas constituídas (gráfico 2.15).

Gráfico 2.15



Segundo a forma xurídica que adoptaron as sociedades mercantís constituídas en

Galicia no bienio 2016-2017, as de responsabilidade limitada foron as máis numerosas: máis do 99,5% do total, igualando a porcentaxe rexistrada no conxunto do Estado.

O cadro 2.13 reflicte o número de sociedades mercantís constituídas por CC.AA., como tamén o total en España, no período 2015-2017, xunto co capital suscrito para a constitución de ditas sociedades. No 2016, o capital suscrito para a constitución das sociedades galegas superou os 204 millóns de euros, unha diminución do 44,5% en relación co ano anterior. En 2

Cadro 2.13

Capital suscrito polas sociedades mercantís Galicia /Espana. 2015-2017

	Nº de sociedades			Capital total suscrito		
	2015	2016	2017	2015	2016	2017
	94.644	101.047	94.377	7.355.949	6.292.376	5.262.217
Andalucía	15.893	16.689	15.379	688.381	716.249	644.395
Aragón	2.002	2.526	2.037	76.679	168.490	90.340
Asturias	1.332	1.458	1.342	47.346	71.182	61.770
Baleares	3.108	3.589	3.497	344.965	498.911	168.543
Canarias	3.577	3.815	3.843	93.740	204.789	186.389
Cantabria	805	981	762	20.578	20.253	16.607
Castela e León	2.847	3.014	2.857	86.384	196.911	147.180
Castela-A Mancha	2.732	2.976	2.618	85.899	72.233	67.129
Cataluña	18.894	21.769	18.510	840.417	950.541	1.025.090
C. Valenciana	10.991	11.148	10.845	578.110	753.292	752.571
Estremadura	1.165	1.248	1.150	122.197	74.082	64.105
Galicia	3.968	4.533	4.066	368.693	204.576	317.054
Madrid	19.947	19.924	20.431	3.608.403	1.895.965	1.256.410
Murcia	2.796	2.776	2.641	173.613	183.137	119.999
Navarra	820	831	838	26.809	23.901	60.704
País Vasco	3.137	3.008	2.960	142.917	208.154	248.472
A Rioxa		571	408	49.228	46.905	33.231

017, a contía aumenta ata os 317 millóns, un incremento próximo ao 55%.

O capital medio suscrito tamén sofre unha redución entre 2015 e 2016, pasando de 92,91 euros a 45,13 euros. Non obstante, entre 2016 e 2017 volve a aumentarse case un 73%, quedando nos 77,98 euros. Esta situación motiva que o importe medio da subscrición en Galicia sexa notablemente superior ao importe medio no conxunto do Estado, que é de 55,75 euros. Só o País Vasco e A Rioxa superan esta cantidade en 2017, sendo Cantabria a que rexistra menor importe medio, próximo a 22 euros. O cadro 2.13b abunda nesta información, recollendo as sociedades que ampliaron capital no período 2015-2017, así como o capital total ampliado.

Pódese comprobar que o número de sociedades que amplían capital diminúe cada ano, cunha taxa de variación interanual decrecente do 7,45% entre 2015 e 2016 que pasa a ser inferior ao 5,97% en 2017. En ambos casos son taxas superiores ás rexistradas en España, dun -2,66% e un -1,57%, respectivamente. Deste xeito, se no ano 2015 o 4,69% das sociedades que ampliaron capital en España eran galegas, en 2017 a porcentaxe redúcese ata o 4,26%.

Cadro 2.13b


Sociedades mercantís que amplían capital. Galicia /España. 2015

		Nº de sociedades	Capital total ampliado (*)
2015	Galicia	1.520	893.100
	España	32.370	34.544.392
2016	Galicia	1.405	1.002.097
	España	31.507	32.908.240
2017	Galicia	1.321	721.357
	España	31.010	38.040.739

Doutra banda, o capital ampliado increméntase un 12,20% en Galicia en 2016, a diferenza do acontecido en España, onde rexistra un decrecemento medio dun 4,73%. No 2017, porén, atópase a situación contraria: na comunidade galega o capital obxecto de ampliacións rexistra unha forte redución do 28,01%, mentres en España aumenta un 15,60%. O capital ampliado en sociedades galegas pasa de representar un 2,59% no conxunto do Estado en 2015 a un 1,90% en función dos últimos datos dispoñibles.

O capital medio ampliado polas sociedades en Galicia aumenta en máis de 125.000 euros entre 2015 e 2016, pero rexistra unha caída de preto de 170.000 euros ata os 546.069 euros en media do ano 2017. Polo contrario, en España diminúe 2,13% en 2016 pero aumenta nun 17,45% no período 2016-2017. Segundo o último dato dispoñible, o importe medio das ampliacións de capital en España superan en máis de 680.000 euros o das sociedades galegas (gráfico 2.16).

Cadro 2.16



O cadro 2.14 permite comprobar que no ano 2017 a comunidade galega continúa na senda de diminución do número de sociedades mercantís disoltas. No bienio 2016-2017 en Galicia disolvéronse 83 sociedades menos que en 2015, o que contrasta coa evolución crecente rexistrada en España. Así, no conxunto do Estado en 2016, as sociedades disoltas aumentaron un 2,24%, e en 2017 outro 1,60%. Na comunidade galega, polo contrario, decreceron respectivamente un 1,12% e un 4,41%. O peso relativo das sociedades mercantís galegas no conxunto das españolas vai decrecendo progresivamente, dende o 7,28% do 2015 ata o 6,63% actual.

Cadro 2.14

Sociedades mercantís disoltas

		Sociedades disoltas			
		Total	Voluntaria	Por fusión	Outras
2014	Galicia	1.528	1.132	86	310
	España	21.850	14.869	1.857	5.124
2015	Galicia	1.512	1.166	104	242
	España	20.758	14.602	1.931	4.225
2016	Galicia	1.495	1.206	87	202
	España	21.223	15.578	2.346	3.299
2017	Galicia	1.429	1.163	89	177
	España	21.563	16.620	2.265	2.678


Notas: Os datos son provisionais dende abril de 2017.

Fonte: INE

Unha ollada máis atenta á distinta tipoloxía de causas de disolución das sociedades revela que a porcentaxe de sociedades que se disolven voluntariamente é lixeiramente superior en Galicia que en España (81,39% e 77,08% en 2017, respectivamente); mentres que a representación das que se disolven por procesos de fusión en Galicia é máis reducida (6,23% fronte a 10,50% en 2017). Non obstante, mentres que en España os procesos de fusión en 2017 se reducen un 3,45% en relación cos rexistrados en 2016, en Galicia aumentan un 2,30%. Polo contrario, a porcentaxe de disolucións voluntarias aumenta preto dun 6,7% no bienio en España, mentres que se reducen en Galicia un 3,56%.

Como dato de particular interese, o índice de rotación permite contrastar a evolución das sociedades disoltas e constituídas. Como se pode comprobar no gráfico 2.17, este parámetro é en Galicia superior ao de España. En particular, en Galicia no ano 2015 constituíanse 38 sociedades por cada cen disoltas. O valor descende ata 33 sociedades en 2016, e volve a aumentar ata o dato máis recente: 34 sociedades por cada 100 disoltas. En España os valores son preto de 12 puntos inferiores nos tres anos analizados.

Gráfico 2.17



Analízase agora a información proporcionada pola Estatística do procedemento concursal, que combina información recollida vía cuestionario dos Xulgados do Mercantil e dos Xulgados de 1ª Instancia, como tamén dos Xulgados de 1ª Instancia e Instrución con competencia mercantil. A estatística proporciona datos trimestrais sobre o número de debedores concursados, así como do tipo de concurso (voluntario ou necesario), da clase de procedemento (ordinario ou abreviado), e da existencia de proposta anticipada de convenio e do seu contido (quita, espera, quita e espera ou outra proposición).

Neste contexto, o cadro 2.15 reflicte que os debedores concursados en Galicia continúan a diminuír, como veñen facendo dende 2013. Os últimos datos dispoñibles (2017) amosan que, mentres os debedores concursados galegos se reducen un 9,41%, en España se produce un lixeiro incremento (0,67%).

Cadro 2.15

Debedores concursados. Galicia / España. 2008-2015

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Galicia	185	345	336	412	539	539	460	331	308	279
España	2.902	5.922	5.750	6.755	8.726	9.660	7.038	5.746	5.253	5.288

Datos provisionais dende o segundo trimestre de 2017.

Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

Estes datos poden completarse coa análise desagregada dos concursos de acredores por natureza xurídica do debedor, por tipo de concurso e por clase de procedemento (cadro 2.16). O número de debedores concursais con actividade empresarial en Galicia

vense reducindo dende 2013. En particular, no bienio 2016-2017 redúcense un 12,8% cada ano, a diferenza do que pasa no conxunto do Estado, onde en 2016 se produce unha diminución do 8,60% pero entre 2016 e 2017 aumenta lixeiramente (un 0,67%). Pódese comprobar tamén que a maioría de debedores sometidos a concurso de acredores en Galicia veñen sendo voluntarios (máis do 90% nos últimos tres anos), e de carácter abreviado (en media, o 87% entre 2015 e 2017).

Cadro 2.16

Debedores concursados. Desagregación en distintas variables. Galicia. 2012-2015


	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Por natureza xurídica						
- Personais físicas sen actividade empresarial	58	18	25	27	43	48
- Empresas	481	521	435	304	265	231
- Personais físicas	15	9	14	25	15	8
- Soc. anónimas	65	65	53	27	24	16
- Soc. limitadas	396	435	353	246	207	197
- Outras	7	12	15	6	19	10
Por tipo de concurso						
- Por vontade	509	502	417	307	287	253
- Necesario	30	37	43	24	21	26
Por clase de procedemento						
- Ordinario	65	89	49	56	25	39

Datos provisionais dende o segundo trimestre de 2017.

Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

O gráfico 2.18 amosa a diminución continua do número de sociedades en concurso de acredores dende 2013. Obsérvase que a maioría das empresas son sociedades de responsabilidade limitada, seguidas a moita distancia das sociedades anónimas e as empresas de persoa física. En media, dende ese ano 2013 o 90,38% dos procedementos concursais celebráronse en empresas, sendo o 73,91% sociedades de responsabilidade limitada e o 9,05% anónimas. A porcentaxe de procedementos sobre persoa física é do 4%. Non obstante, debe sinalarse que os procedementos con persoas físicas veñen aumentando a unha media anual do 50,65% dende 2013, mentres que os correspondentes a empresas decrecen a un ritmo do 3,79% anual. En correspondencia, os concursos cuxo obxecto son empresas dunha persoa física aumentan a un ritmo medio anual do 14,47%, e os celebrados con sociedades decrecen tanto nas sociedades anónimas coma limitadas (-16,96% e -3,29% respectivamente, en media anual).

Gráfico 2.18



O cadro 2.17 permite realizar unha análise máis polo miúdo das empresas sometidas a concurso de acredores en Galicia nos últimos anos. En función do tramo de persoas asalariadas, conséntase que a maior parte dos procedementos concursais se celebran con empresas de menos de 10 persoas traballadoras. Cabe sinalar que a porcentaxe correspondente a dito tramo en 2012 era dun 54,47%, que aumenta ata un 72,73% no 2017. Dende 2015 aumenta 15 puntos porcentuais. Polo contrario, a porcentaxe que representan as empresas de máis de 10 persoas traballadoras ven diminuindo, especialmente no caso de empresas con máis de 100 persoas asalariadas. En concreto, no ano 2016 representaron un 23,02%, que pasan a pouco máis do 19% en 2017.

Atendendo ao volume de negocio, as empresas máis afectadas son as que teñen unha facturación inferior a dous millóns de euros anuais. En media, dende 2013 preto de tres de cada catro empresas concursadas (un 72,72% do total) entraban neste tramo. Non obstante, dende 2015 se producen descensos continuados neste tramo, dun 6,73% en 2016 que se triplican (-18,27%) en 2017; como tamén descende a incidencia nas empresas con volume de negocio sen clasificar. Cabe destacar que o número de procedementos concursais en empresas con facturación entre 2 e 5 millóns se duplica entre 2016 e 2017.

Finalmente, no que atinxe aos sectores produtivos, a maior incidencia corresponde cos servizos. Dende 2013 practicamente a metade dos procedementos concursais (48,63% en media) corresponde con empresas deste sector, seguidas de empresas do sector da construción (23,55%) e industriais (16,99%).

Cadro 2.17

Empresas concursadas por tramos de persoal asalariado, volume de negocio e actividade económica principal. Galicia. 2012-2017

	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Total empresas	481	521	435	304	265	231
Por tramos de persoal asalariado						
· 0	44	56	49	45	38	42
· 1-9	218	240	239	159	145	126
· 10-49	152	173	87	65	53	38
· 50-99	27	17	15	7	3	6
· Máis de 100	8	18	11	4	5	0
· Sen clasificar	32	17	34	24	21	19
Por volume de negocio *						
· Menos de 2	326	345	302	223	208	170
· 2-5	65	73	29	21	9	16
· 5-10	29	42	19	6	3	8
· Máis de 10	29	25	18	3	6	5
· Sen clasificar	32	36	67	51	39	32
Por actividade económica principal						
· Agricultura e pesca	2	4	12	7	3	5
· Industria	113	108	76	39	37	38
· Enerxía	2	4	1	1	1	0
· Construción	148	120	113	75	49	56
· Servizos	185	231	197	158	154	113
· Sen clasificar	31	54	34	24	21	19

Elaboración propia.


* En millóns de euros.

Datos provisionales dende o segundo trimestre de 2017.

Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

O gráfico 2.19 afonda neste aspecto, destacando o protagonismo das empresas de servizos nos procedementos concursais, e como esta vai diminuíndo progresivamente dende o ano 2013. Similar tendencia pódese constatar no caso das empresas construtoras, aínda que se pode comprobar como se produce un lixeiro incremento no período máis recente.

Gráfico 2.19



Como complemento, o cadro 2.18 presenta a análise dos procesos concursais en función da idade das sociedades. Pódese comprobar que a maior incidencia corresponde a empresas de máis de 20 anos de antigüidade.

Cadro 2.18

Nº Procedementos concursais por idade das sociedades

	2015	2016	2017
De 0 a 4 anos	41	26	31
De 5 a 8 anos	40	57	26
De 9 a 12 anos	70	56	34
De 13 a 16 anos	47	31	39
De 17 a 19 anos	25	22	24
20 o máis anos	76	66	66
Sen Clasificar	5	7	11

Elaboración propia.

Datos provisionales dende o segundo trimestre de 2017.

Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

2.3. Análise de enquisas industriais

2.3.1. Estatística estrutural de empresas do sector industrial

Esta estatística, recollida polo Regulamento 295/2008 do Parlamento e do Consello da UE, ten como obxectivo coñecer as características estruturais e económicas das empresas do sector industrial como tamaño, datos económicos (ingresos e gastos), estrutura de emprego e investimento. Inclúe as industrias extractivas e manufacturas, as actividades de subministro de enerxía e auga e saneamento.

Os últimos datos dispoñibles proporcionados polo INE son un avance de 2016, elaborados cos datos do sector industrial de 2015. Segundo estes datos, a cifra de negocios acadou 570.538 millóns de euros en 2016, xerando un valor engadido de 135.891 millóns de euros. Nese contexto, o cadro 2.19 permite situar o sector industrial galego no marco estatal en 2016 en función de diferentes parámetros: a cifra de negocios, o volume de ocupación no sector e o investimento en activos materiais.

A comunidade galega acada en 2016 unha cifra de negocios no sector industrial de 36.010 millóns de euros, un 6,31% do total estatal, que a sitúa en sétimo lugar tanto en valor absoluto coma relativo. Galicia ocupa a mesma posición no que se refire a participación nos investimentos en activos materiais, mentres que mellora un punto en canto a persoas ocupadas no sector industrial, sendo a sexta comunidade do Estado onde máis persoas traballan en empresas industriais.

Aínda que para o ano 2016 se aplican diferentes melloras metodolóxicas que fan que os resultados non sexan estritamente comparables con outros anos –posto que a evolución pode obedecer tanto a cambios reais no sector como a ditos cambios de metodoloxía-, a comparación no marco dos mesmos parámetros en todas as CC.AA. (e no conxunto do Estado) pode servir de referencia para ver como se comportan globalmente. Tendo en conta dita prevención, vemos que a cifra de negocios total no sector industrial en España se reduce en preto de 12 millóns de euros entre 2015 e 2016, unha contracción do 2,09%. En Galicia a redución é inferior a esa media, un decrecemento dun 1,55%, que nos sitúa no marco de comportamento de Cataluña (-1,53%) e Valencia (-1,41%). O cadro 2.19 recolle esta información.

Cadro 2.19

Cifra de negocios no sector industrial por comunidades autónomas. 2016

	Cifra de negocios		Personal ocupado		Inversión en activos materiais	
	Millóns de €	% sobre total	Media anual	% sobre total	Millóns de €	% sobre total
Andalucía	64.982	11,39	208.500	10,05	2.335	10,85
Aragón	25.736	4,51	89.310	4,30	1.004	4,67
Asturias	12.609	2,21	47.960	2,31	486	2,26
Baleares	4.272	0,75	23.011	1,11	202	0,94
Canarias	5.677	1,00	33.131	1,60	257	1,19
Cantabria	8.253	1,45	29.528	1,42	270	1,25
Castela e León	37.756	6,62	128.142	6,18	1.637	7,61
Castela-A Mancha	22.186	3,89	89.208	4,30	1.010	4,69
Cataluña	129.921	22,77	460.033	22,17	4.776	22,19
C. Valenciana	60.652	10,63	251.198	12,11	2.211	10,27
Extremadura	7.112	1,25	27.216	1,31	260	1,21
Galicia	36.010	6,31	133.323	6,43	1.141	5,30
Madrid	59.323	10,40	207.294	9,99	2.348	10,91
Murcia	18.984	3,33	69.433	3,35	633	2,94
Navarra	18.553	3,25	66.327	3,20	837	3,89
País Vasco	52.571	9,21	184.694	8,90	1.827	8,49
A Ríoxa	5.669	0,99	24.928	1,20	257	1,19
Ceuta	151	0,03	1.230	0,06	13	0,06
Melilla	121	0,02	443	0,02	17	0,08
Total	570.538	100,00	2.074.909	100,00	21.521	100,00

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector industrial.

Segundo o cadro 2.20, as porcentaxes de participación de cada comunidade na cifra de negocios total estatal son bastante estables. Así, as CC.AA. con maior participación son Cataluña (22,8%), Andalucía (11,4%), a Comunidade Valenciana (10,6%), Madrid (10,4%), e o País Vasco (9,2%). A análise da evolución da representación por CC.AA. dende 2009 revela que podemos destacar diferentes grupos. En cabeza, e de forma destacada, figura Cataluña, con valores sempre superiores ao 20%. A continuación figuran as CC.AA. que aportan entre o 10% e o 15% da cifra total de negocios: Andalucía, Comunidade Valenciana e Madrid. En terceiro lugar aparece o grupo de comunidades que representa entre o 5 e o 10%, no que se atopa Galicia xunto co País Vasco e Castela e León. O grupo máis numeroso está conformado por aquelas comunidades que supoñen entre o 1 e o 5% da cifra de negocios total estatal, nomeadamente Aragón, Castela-A Mancha, Murcia, Navarra, Asturias, Cantabria e Extremadura. Pechan a lista as CC.AA. con achegas inferiores ao 1%, Baleares, A Ríoxa e Canarias. O gráfico 2.20 amosa como son cinco as CC.AA. moi destacadas na súa participación na cifra de negocios estatal dende 2009.

Cadro 2.20


Distribución porcentual da cifra de negocios. Por CC.AA. 2009-2016

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Andalucía	10,6	11,2	11,8	12,7	12,5	12,2	11,3	11,4
Aragón	4,4	4,7	4,6	4,2	4,4	4,3	4,5	4,5
Asturias	2,5	2,5	2,3	2,4	2,4	2,4	2,3	2,2
Baleares	0,8	0,8	0,4	0,7	0,6	0,7	0,7	0,7
Canarias	1,5	1,4	1,1	1,6	1,4	1,2	1,1	1,0
Cantabria	1,4	1,4	1,5	1,4	1,3	1,4	1,4	1,4
Castela e León	6,5	6,3	6,7	6,4	6,3	6,2	6,4	6,6
Castela-A Mancha	4,7	4,4	4,7	5,0	4,8	4,4	4,0	3,9
Cataluña	23,5	24,0	23,6	22,2	22,4	22,3	22,7	22,8
C. Valenciana	9,6	9,8	10,3	9,4	9,7	10,1	10,6	10,6
Estremadura	1,1	1,1	0,9	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2
Galicia	6,7	6,3	6,5	6,0	6,5	6,3	6,3	6,3
Madrid	10,9	9,3	7,6	10,5	9,8	9,7	10,3	10,4
Murcia	2,7	2,9	3,0	3,5	3,7	3,8	3,5	3,3
Navarra	3,0	3,2	3,6	2,8	2,9	3,0	3,2	3,3
País Vasco	9,0	9,6	10,3	9,1	9,1	10,0	9,6	9,2
A Ríoxa	1,0	1,1	1,1	1,0	1,0	0,9	0,9	1,0
España	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

A partir de 2016 se inclúe un cambio de metodoloxía.

Fonte: INE, "Enquisa industrial de empresas" e "Estatística estrutural de empresas do sector industrial".

Gráfico 2.20



Cataluña, Andalucía, Madrid e a Comunidade Valenciana aportan máis do 50% da cifra total dende 2008. Se a ditas CC.AA. lle engadimos o País Vasco, conxuntamente

estas concentran case dous de cada tres euros (un 64% de media dende 2009) da cifra de negocios do sector industrial en España.

O cadro 2.21 completa a información anterior incluíndo a porcentaxe de representación da comunidade galega no total de persoas ocupadas no sector industrial nos últimos anos. Este indicador caracterízase pola mesma estabilidade que foi destacada no caso da representatividade na cifra de negocios.

Cadro 2.21

Evolución da porcentaxe de Galicia no Estado nas principais variables da industria. 2001-2016

	Persoas ocupadas	Cifra de negocios
2001	6,0	5,8
2002	6,2	6,2
2003	6,2	6,1
2004	6,1	6,0
2005	6,3	6,0
2006	6,5	6,2
2007	6,7	6,6
2008	6,9	6,7
2009	6,9	6,7
2010	6,8	6,7
2011	6,9	6,7
2012	6,7	6,0
2013	6,8	6,5
2014	6,6	6,3
2015	6,4	6,3
2016	6,4	6,3

Elaboración propia

A partir de 2016 se inclúe un cambio de metodoloxía.

Fonte: INE, "Enquisa industrial de empresas" e "Estatística e estrutural de empresas do sector industrial".

Galicia vai aumentando o seu peso nas variables estruturais do sector industrial dende 2001 ata 2009, ano a partir do cal vai baixando progresivamente ata o bienio final, caracterizado pola estabilidade.

2.3.2. Estatística estrutural de empresas do sector comercio

Tamén a partir do ano 2015 no marco do Proxecto de integración das enquisas económicas estruturais aparece esta estatística estrutural para o sector comercio, que inclúe datos non comparables con períodos anteriores. Neste caso, os últimos datos dispoñibles a nivel autonómico datan do ano 2015.

As CC.AA. que figuran en cabeza nas diferentes variables do sector comercial coinciden coas sinaladas como principais protagonistas no sector industrial (cadro 2.22). Así, no que se refire á número de locais comerciais, Andalucía, Cataluña,

Madrid e Valencia ocupan de novo os primeiros postos; como tamén no resto de variables aínda que se alternan o liderado: en cifra de negocios e investimento en activos materiais, Madrid e Cataluña encabezan a clasificación; e Cataluña é a que lidera a clasificación da variable soldos e salarios, en correspondencia co seu liderado en termos de poboación ocupada. A comunidade galega, pola súa banda, ocupa a quinta posición en todas as variables agás no investimento de activos materiais, onde perde un posto en favor de Canarias.

Cadro 2.22

Cifra de negocios no sector comercial por comunidades autónomas. 2016

	Nacional	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	Castela-A Mancha
Locais (núm.)	857.245	149.772	23.494	18.053	19.441	37.565	9.181	45.222	36.178
Cifra negocios	682.057.599	84.599.755	18.189.512	9.802.419	12.193.653	23.480.255	5.764.195	29.695.189	19.650.039
Soldos e salarios	50.164.642	6.209.312	1.330.855	906.028	1.055.681	1.967.546	472.192	1.849.342	1.345.807
Inversión en activos materiais	9.130.414	1.129.367	263.227	152.665	220.665	547.960	78.555	396.522	269.135
Persoal ocupado	2.955.041	468.099	81.918	61.142	68.707	138.350	31.636	131.204	100.893
	Cataluña	Valencia	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	Navarra	P Vasco	A Ríoxa
Locais (núm.)	148.565	96.347	20.855	55.293	111.401	27.029	10.939	38.378	6.044
Cifra negocios	131.660.775	61.652.078	9.346.787	43.217.777	168.968.522	20.764.143	8.956.868	28.908.637	3.357.781
Soldos e salarios	10.868.849	5.297.299	629.823	2.584.843	10.781.525	1.440.507	619.133	2.429.470	274.279
Inversión en activos materiais	1.771.941	931.669	171.388	480.467	1.905.865	300.704	110.119	330.701	55.062
Persoal ocupado	541.589	341.429	56.200	173.424	466.428	104.601	35.661	127.231	18.044

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector comercial.

O cadro 2.23 afonda na información anterior, amosando as porcentaxes relativas que cada comunidade representa en cada variable sobre o total estatal. De igual forma que no sector industrial, as catro CC.AA. citadas teñen unha participación de entre o 60 e o 65% do total estatal en cada variable, correspondendo a menor ao número de locais e a maior ao pago de soldos e salarios. Galicia ten unha participación que oscila entre o 5,15% dos soldos e salarios e o 6,45% do número total de locais.

Cadro 2.23

Cifra de negocios no sector comercial por comunidades autónomas (%). 2016

	Nacional	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	Castela-A Mancha
Locais (núm.)	100,00	17,47	2,74	2,11	2,27	4,38	1,07	5,28	4,22
Cifra negocios	100,00	12,40	2,67	1,44	1,79	3,44	0,85	4,35	2,88
Soldos e salarios	100,00	12,38	2,65	1,81	2,10	3,92	0,94	3,69	2,68
Inversión en activos materiais	100,00	12,37	2,88	1,67	2,42	6,00	0,86	4,34	2,95
Persoal ocupado	100,00	15,84	2,77	2,07	2,33	4,68	1,07	4,44	3,41
	Cataluña	Valencia	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	Navarra	País Vasco	A Ríoxa
Locais (núm.)	17,33	11,24	2,43	6,45	13,00	3,15	1,28	4,48	0,71
Cifra negocios	19,30	9,04	1,37	6,34	24,77	3,04	1,31	4,24	0,49
Soldos e salarios	21,67	10,56	1,26	5,15	21,49	2,87	1,23	4,84	0,55
Inversión en activos materiais	19,41	10,20	1,88	5,26	20,87	3,29	1,21	3,62	0,60
Persoal ocupado	18,33	11,55	1,90	5,87	15,78	3,54	1,21	4,31	0,61

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector comercial.

O cadro 2.24 recolle a porcentaxe de vendas por CC.AA. dende 2012. Pódese constatar que a variación de metodoloxía introduce máis heteroxeneidade nesta estatística da que rexistramos no caso anterior do sector industrial, con particular incidencia nos datos correspondentes á Comunidade de Madrid.

Cadro 2.24**Porcentaxe de vendas por CCAA. 2012-2015**

	2012	2013	2014	2015
Andalucía	12,7	11,9	12,0	12,4
Aragón	4,5	4,4	4,7	2,7
Asturias	2,2	2,2	2,2	1,4
Baleares	0,3	0,3	0,3	1,8
Canarias	1,4	1,3	1,1	3,4
Cantabria	1,4	1,4	1,4	0,8
Castela e León	6,7	6,9	6,7	4,4
Castela-A Mancha	4,8	5,0	4,8	2,9
Cataluña	23,6	23,3	23,5	19,3
C.Valenciana	9,1	9,9	10,0	9,0
Estremadura	0,9	0,8	0,9	1,4
Galicia	6,7	7,1	6,8	6,3
Madrid	7,2	7,1	6,9	24,8
Murcia	3,5	3,6	3,7	3,0
Navarra	3,6	3,6	3,7	1,3
País Vasco	10,4	10,2	10,3	4,2
A Ríoxa	1,1	1,1	1,1	0,5
España	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: INE, Enquisa industrial de produtos.

Feita dita prevención sobre o cambio de metodoloxía, a visión dinámica na última década da participación relativa de Galicia no importe estatal da produción comercializada figura no cadro 2.25. Tivo unha suba continuada no cuadrienio 2006-2009, até chegar ao 7,6%, a maior porcentaxe da serie. Dende ese punto, volve a diminuír ata o 6,3% dos últimos datos dispoñibles.

Cadro 2.25**Evolución do peso de Galicia no total**

	% Galicia / España
2005	6,4
2006	6,7
2007	7,1
2008	7,4
2009	7,6
2010	7,3
2011	6,9
2012	6,7
2013	7,1
2014	6,8
2015	6,3

Elaboración propia.

(1) Lista de produtos PRODCOM.

Fonte: INE, Enquisa industrial de produtos.

No cadro 2.26 preséntase a desagregación por grandes agrupacións da actividade produtiva do valor da produción comercializada galega en 2015. A maior achega, máis

do 63% do total, procede do comercio por xunto, mentres que o minorista acada o 30,56% e o grupo de venda e reparación de vehículos o 6,01% restante.

Cadro 2.26

Porcentaxe do valor da produción comercializada, por grandes agrupacións. Galicia. 2015

G TOTAL SECTOR COMERCIO	43.217.777
45 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	2.598.438
451 Venda de vehículos de motor	1.449.686
452 Mantemento e reparación de vehículos de motor	617.670
453 Comercio de repostos e accesorios de vehículos de motor	495.669
454 Venda, mantemento e reparación de motocicletas e dos seus repostos e accesorios	35.413
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	27.412.522
461 Intermediarios do comercio	190.803
462 Comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos	930.590
463 Comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	7.465.948
464 Comercio por xunto de artigos de uso doméstico	11.650.802
465 Comercio por xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	402.906
466 Comercio por xunto de outra maquinaria, equipos e subministracións	1.291.357
467 Outro por xunto especializado	5.430.667
469 Comercio por xunto non especializado	49.448
47 Comercio polo miúdo, agás de vehículos de motor e motocicletas	13.206.817
471 Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	5.142.409
472 Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	1.120.535
473 Comercio polo miúdo de combustible para a automoción en establecementos especializados	1.109.035
474 Comercio polo miúdo de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados	261.589
475 Comercio polo miúdo de outros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	1.054.370
476 Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	410.858
477 Comercio polo miúdo de outros artigos en establecementos especializados	2.988.789
478 Comercio polo miúdo en postos de venda e en mercadillos	113.133
479 Comercio polo miúdo non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en mercadillos	1.006.100

Fonte: INE, Enquisa industrial de produtos.

Unha ollada máis atenta aos dous grupos revela o papel protagonista dos artigos de uso doméstico, produtos alimenticios, bebidas e tabaco e de produtos especializados no caso do comercio por xunto, con máis dun 55,54% deste apartado; mentres que no grupo de comercio polo miúdo se detecta unha menor concentración, coincidindo o papel principal dos produtos especializados (11,90%). Finalmente, no que se refire ao grupo de venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas, o 55,80% procede da venda de vehículos de motor.

2.3.3. Análise doutras enquisas industriais (Índice de cifra de negocios, da produción e de prezos)

O ano 2015 prodúcese un cambio de base na estatística de cifra de negocios na industria (cadro 2.27). Tendo en conta esa variación, pódense comprobar tamén as variacións relativas dos anos 2015 e 2016. Como se pode observar, en Galicia mantense un lixeiro incremento constante do 0,2% no bienio. Este comportamento sitúa a comunidade galega no grupo das que presentan variacións positivas, pero no límite inferior da variabilidade.

Cadro 2.27

Índice de negocios na industria. CC.AA. 2014-2016

	índice			Variación	
	2014	2015	2016	2015	2016
Andalucía	105,3	100,0	97,9	-5,0	-2,1
Aragón	91,4	100,0	100,9	9,4	0,9
Asturias	102,5	100,0	95,8	-2,4	-4,2
Baleares	99,8	100,0	103,7	0,2	3,7
Canarias	139,0	100,0	97,7	-28,0	-2,3
Cantabria	100,1	100,0	96,2	-0,1	-3,8
Castela e León	91,6	100,0	108,2	9,2	8,2
Castela A Mancha	102,5	100,0	98,2	-2,4	-1,8
Cataluña	98,2	100,0	101,3	1,8	1,3
C. Valenciana	93,9	100,0	100,8	6,5	0,8
Extremadura	93,9	100,0	102,2	6,5	2,2
Galicia	99,8	100,0	100,2	0,2	0,2
Madrid	96,8	100,0	100,6	3,3	0,6
Murcia	102,3	100,0	96,9	-2,2	-3,1
Navarra	96,4	100,0	99,9	3,7	-0,1
País Vasco	99,7	100,0	100,4	0,3	0,4
A Rioxa	94,2	100,0	98,0	6,2	-2,0
España	98,4	100,0	100,5	1,6	0,5

En porcentaxe anual (promedio dun ano sobre decembro do ano anterior)

Fonte: INE, índice de cifra de negocios na industria.

O índice de produción industrial (IPI) é un indicador conxuntural que permite medir a evolución experimentada no volume de valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial a curto prazo. Este indicador sufriu o mesmo tratamento estatístico que o anterior, no que se refire ao cambio de base (base actual con ano de referencia 2015). O cadro 2.28 reflicte a evolución nos tres últimos anos do IPI no conxunto das CC.AA., como tamén a nivel estatal.

Cadro 2.28

Variación do Índice xeral de produción industrial*. Por CC.AA. 2014-2015


	Variación anual			Media anual (decembro)		
	2016	2015	2014	2016	2015	2014
Andalucía	4,6	5,7	-5,5	99,8	100,0	96,4
Aragón	-2,0	-3,1	9,6	99,3	100,0	98,9
Asturias	5,6	1,7	1,9	94,0	100,0	92,9
Baleares	0,6	-10,8	5,1	100,9	100,0	98,5
Canarias	-0,7	-0,4	3,3	98,7	100,0	100,2
Cantabria	10,4	-6,0	0,6	100,7	100,0	101,7
Castela e León	-1,8	2,8	4,7	102,2	100,0	98,4
Castela-A Mancha	-0,7	-3,6	6,1	99,1	100,0	95,9
Cataluña	0,4	3,8	4,9	103,1	100,0	97,5
C. Valenciana	-0,3	6,8	2,5	103,1	100,0	94,4
Extremadura	-5,2	-5,3	-2,1	98,1	100,0	98,7
Galicia	-4,0	5,4	0,8	102,3	100,0	96,0
Madrid	-3,0	5,4	2,2	104,0	100,0	96,9
Murcia	1,3	6,3	3,8	97,1	100,0	96,4
Navarra	3,0	6,1	-0,4	101,8	100,0	97,7
País Vasco	-3,0	4,4	7,3	101,1	100,0	96,4
A Ríoxa	-7,0	0,1	7,0	95,6	100,0	96,9
España	-0,1	3,4	3,1	101,6	100,0	96,8

* En porcentaxe anual (decembro sobre decembro)

Fonte: INE, Índice de produción industrial (IPI)

Como se pode comprobar no gráfico 2.21, as CC.AA. e o total nacional, experimentaron descenso neste indicador en 2016 en relación con 2015, con excepción de Asturias, Baleares e Cantabria. Neste contexto de comportamento decrecente, a caída do IPI en Galicia é superior á media estatal, quedando no grupo das comunidades que máis reducións relativas presentan. Non obstante, cabe sinalar que a media anual do IPI galego é superior á media estatal (102,3 e 101,6, respectivamente), por enriba de CC.AA. como o País Vasco ou Navarra e só un punto por debaixo de Cataluña e a Comunidade Valenciana. Concretamente, se en 2014 a nosa comunidade era a que presentaba o cuarto menor IPI (oito décimas inferior á media estatal), en 2016 pasa a ocupar o cuarto posto entre as CC.AA. que mellor índice rexistran, sete décimas superior á media do conxunto do Estado.

Gráfico 2.21



Para rematar este epígrafe, ofrécese unha análise máis detallada da estrutura do IPI en 2016 para Galicia e a media do Estado. O valor en Galicia é superior en case todos os grandes grupos, e particularmente no relacionado co IPI dos bens de consumo duradeiro. Polo contrario, presenta un valor inferior no caso dos bens de equipo (cadro 2.29).

Cadro 2.29


Estructura IPI Galicia-España 2016

	España	Galicia
Bens de consumo	101,4	108,0
Bens de consumo duradeiro	101,4	154,2
Bens de consumo non duradeiro	101,4	105,5
Bens de equipo	103,6	89,9
Bens intermedios	101,9	108,5
Enerxía	99,3	103,5

Fonte: INE, Índice de produción industrial (IPI)

Constátase tamén unha maior variabilidade dos índices respectivos no caso da comunidade galega, onde destaca moi especialmente a volatilidade no ano 2016, cunha variación crecente importante nos bens de consumo duradeiro, e unha decrecente nos bens de equipo (gráfico 2.22).

Gráfico 2.22



2.4. Estatística estrutural de empresas do sector servizos

Neste apartado recóllense os resultados principais da enquisa estrutural relacionada co sector servizos. Esta inclúe actividades variadas, sendo as principais ramas recollidas transporte e almacenamento, hostalería, información e comunicacións, actividades científico-técnicas, administrativas, de entretemento, reparacións e outras actividades englobadas no sector terciario ou de servizos. Os últimos datos dispoñibles a nivel autonómico son de 2015.

De forma similar ao comentado no apartado de comercio, o cadro 2.30 permite comprobar unha alta concentración nun número limitado de CC.AA. das diferentes cifras indicativas do sector servizos. Así, Cataluña, Madrid, Andalucía e a Comunidades Valenciana ocupan as primeiras posicións (e a mesma ordenación) calquera que sexa o parámetro analizado. Galicia, en función desta enquisa, acada a mellor posición no conxunto do Estado en canto ao seu número de locais comerciais, quinta en importancia cun 5,55% en España. Comparte a sétima posición en persoal ocupado no sector e soldos e salarios, cunha porcentaxe do 4,68% e 3,78%, respectivamente, do total estatal. No relacionado coa cifra de negocios, a súa participación redúcese a un 3,65%, o que a coloca en octavo posto no conxunto das comunidades. A menor participación da comunidade galega vincúlase co investimento en activos materiais, preto dun 2,90% que a deixan en décimo lugar na clasificación de porcentaxes de participación relativa.

Cadro 2.30

Cifra de negocios no sector servizos por comunidades autónomas (%), 2016

	Nacional	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela León	Castela A Mancha
Locais (núm.)	1.258.662	180.582	34.360	27.856	38.421	57.777	14.620	56.841	40.204
Cifra negocios	416.963.298	37.677.173	8.205.497	5.449.593	15.631.504	19.603.800	2.908.423	10.906.131	7.642.924
Soldos e salarios	95.071.283	9.713.526	2.033.141	1.423.578	3.026.346	4.052.048	796.256	3.007.184	1.825.910
Inversión en activos materiais	29.425.462	2.989.661	895.024	276.936	1.623.139	1.226.474	165.347	1.374.100	540.580
Persoal ocupado	5.111.117	662.447	127.863	94.991	166.119	256.928	53.049	209.201	133.264
	Cataluña	Valencia	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	Navarra	P Vasco	A Ríoxa
Locais (núm.)	243.842	125.410	21.183	69.922	235.038	30.005	16.131	56.081	8.115
Cifra negocios	83.602.992	28.797.796	3.001.270	15.197.005	146.074.748	7.266.338	4.040.957	19.010.248	1.427.307
Soldos e salarios	19.371.572	6.887.412	777.909	3.589.216	30.209.867	1.609.015	1.046.861	5.187.682	361.343
Inversión en activos materiais	4.944.232	1.843.829	271.583	853.340	10.486.712	455.431	241.858	1.122.951	92.153
Persoal ocupado	977.295	455.969	66.082	238.941	1.211.821	119.460	58.934	242.711	25.581

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

Como se pode comprobar no cadro 2.31, e tal e como se anticipou, Galicia ocupa en 2015 a oitava posición na cifra de negocios no sector servizos. Cabe sinalar que Cataluña e Madrid concentran máis do 55% da achega á cifra de negocios do sector servizos.

Cadro 2.31

Variación na cifra de negocios dos servizos. Por CC.AA. 2015

	2015	Cifra de negocios
Andalucía	9,0	37.677.173
Aragón	2,0	8.205.497
Asturias	1,3	5.449.593
Baleares	3,7	15.631.504
Canarias	4,7	19.603.800
Cantabria	0,7	2.908.423
Castela e León	2,6	10.906.131
Castela-A Mancha	1,8	7.642.924
Cataluña	20,1	83.602.992
C. Valenciana	6,9	28.797.796
Extremadura	0,7	3.001.270
Galicia	3,6	15.197.005
Madrid	35,0	146.074.748
Murcia	1,7	7.266.338
Navarra	1,0	4.040.957
País Vasco	4,6	19.010.248
A Ríoxa	0,3	1.427.307
España	100,0	416.963.298

En porcentaxe de variación anual (decembro 2015 sobre decembro 2014)

Fonte: INE, Indicadores de actividade do sector servizos.

No referente ao índice de emprego no sector servizos de mercado, a concentración é lixeiramente inferior á das variables anteriormente comentadas (cadro 2.32).

Cadro 2.32

Persoal ocupado en servizos por CC.AA. 2015

	2015	Persoal ocupado
Andalucía	13,0	662.447
Aragón	2,5	127.863
Asturias	1,9	94.991
Baleares	3,3	166.119
Canarias	5,0	256.928
Cantabria	1,0	53.049
Castela e León	4,1	209.201
Castela-A Mancha	2,6	133.264
Cataluña	19,1	977.295
C. Valenciana	8,9	455.969
Estremadura	1,3	66.082
Galicia	4,67	238.941
Madrid	23,7	1.211.821
Murcia	2,3	119.460
Navarra	1,2	58.934
País Vasco	4,7	242.711
A Rioxa	0,5	25.581
España	100,00	5.111.117

En porcentaxe de variación anual (decembro 2015 sobre decembro 2014)

Fonte: INE, Indicadores de actividade do sector servizos.

Para rematar con este apartado, o sector de transporte e almacenamento é o que ten maior participación no conxunto do sector servizos en 2015. O sector é maioritario en todos os parámetros analizados, con excepción de número de locais, onde a maior importancia reside na hostalaría (cadro 2.33).

Cadro 2.33

Cifra de negocios no sector servizos. Grupos principais. 2016

	Total	Transporte e almacenamento	Hostalaría	Información comunicacións	Actividades		
					Inmobiliarias	Profesionais científicas e técnicas e de servizos auxiliares	Administrativas
Número de locais	69.922	12.449	20.830	2.372	5.580	19.720	7.234
Cifra de negocios	15.197.005	5.600.328	2.510.071	2.019.237	628.350	2.425.366	1.910.236
Soldos e salarios	3.589.216	883.764	565.767	562.809	59.677	721.975	773.724
Investimento en activos materiais	853.340	378.391	50.188	124.762	149.580	71.993	77.826
Persoal ocupado	238.941	47.090	65.923	14.998	7.246	45.583	55.266
Número de locais	100,00	17,80	29,79	3,39	7,98	28,20	10,35
Cifra de negocios	100,00	36,85	16,52	13,29	4,13	15,96	12,57
Soldos e salarios	100,00	24,62	15,76	15,68	1,66	20,12	21,56
Investimento en activos materiais	100,00	44,34	5,88	14,62	17,53	8,44	9,12
Persoal ocupado	100,00	19,71	27,59	6,28	3,03	19,08	23,13

Fonte: INE, Indicadores de actividade do sector servizos.

O achegamento ao comportamento do sector turístico galego farémolo en función dos datos do IGE. Comezamos a análise comprobando o número de establecementos hoteleiros e de turismo rural rexistrados en Galicia no último quinquenio. Tras catro anos consecutivos de caídas no número de establecementos e prazas, en 2016 rexístrase un leve incremento, máis notable nos establecementos hoteleiros por canto no de turismo rural mellora só o número de prazas. No conxunto do período, Galicia

perde 36 establecementos hoteleiros e 41 de turismo rural, un 2,32% e un 6,30% dos rexistrados en 2012, respectivamente. En correspondencia, pérdese tamén un 2,43% das prazas en establecementos hoteleiros e un 6,30% das existentes en locais de turismo rural. No conxunto do sector, dende 2012 ata 2016 hai 1.960 prazas menos no sector (cadro 2.34).

Cadro 2.34

Establecementos hoteleiros e de turismo rural estimados 2012-2017

		Establecementos hoteleiros	Prazas	Establecementos turismo rural	Prazas
GALICIA	2012	1.548	63.155	536	6.678
	2013	1.523	61.818	520	6.493
	2014	1.529	62.173	511	6.358
	2015	1.497	61.454	497	6.238
	2016	1.512	61.616	495	6.257
A CORUÑA	2012	630	25.613	151	1.851
	2013	620	24.935	152	1.880
	2014	636	25.258	150	1.806
	2015	630	25.179	147	1.806
	2016	627	25.220	145	1.777
LUGO	2012	295	9.158	134	1.716
	2013	304	9.340	131	1.654
	2014	306	9.739	131	1.665
	2015	300	9.580	123	1.603
	2016	294	9.193	132	1.736
OURENSE	2012	191	6.180	78	990
	2013	196	6.272	74	960
	2014	184	6.009	74	960
	2015	181	6.030	70	927
	2016	187	6.251	69	899
PONTEVEDRA	2012	432	22.204	172	2.121
	2013	402	21.271	163	1.998
	2014	402	21.166	156	1.927
	2015	387	20.665	156	1.903
	2016	404	20.953	149	1.846

INE, "Enquisa de ocupación hoteleira" e "Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural".

O comportamento é similar en todas as provincias galegas, decrecente no período 2012-2015 e cunha lixeira mellora no 2016 no sector hoteleiro. No que se refire ao turismo rural, só na provincia de Lugo aumenta o número de establecementos, que segue descendendo no resto das provincias. Pola súa banda, Pontevedra é a provincia que rexistra unha mellora máis notable no sector hostaleiro.

O cadro 2.35 ofrece información sobre o número de turistas que visitaron Galicia no último quinquenio. A maior parte deles é turismo interno, aínda que se observa unha cada vez maior entrada de turistas procedentes do estranxeiro e, en particular, de

países externos á UE. Agás na provincia de Pontevedra, este é o turismo que presenta unha maior taxa de crecemento en media anual dende 2012.

Cadro 2.35

**Viaxeiros/as e noites en establecementos
hoteleiros e de turismo rural por procedencia**

		Nacionais	UE	Outros/as
Galicia	2012	2.473.594	521.831	220.922
	2013	2.545.254	567.130	261.776
	2014	2.669.107	677.056	301.408
	2015	2.928.461	783.120	374.609
	2016	3.102.983	834.219	389.198
A Coruña	2012	1.011.917	279.487	140.270
	2013	1.045.444	322.290	173.074
	2014	1.105.852	387.951	199.264
	2015	1.219.363	472.790	252.717
	2016	1.337.243	464.965	258.363
Lugo	2012	382.286	84.175	36.296
	2013	420.549	92.509	44.406
	2014	454.301	126.010	55.373
	2015	507.097	138.765	64.830
	2016	478.198	139.917	65.469
Ourense	2012	245.972	19.610	5.816
	2013	242.037	18.837	6.214
	2014	239.109	17.773	5.890
	2015	261.202	20.684	7.392
	2016	279.303	23.684	9.555
Pontevedra	2012	833.419	138.559	38.540
	2013	837.224	133.495	38.081
	2014	869.844	145.322	40.881
	2015	940.800	150.881	49.670
	2016	1.008.239	205.653	55.812
TCA 2012-2017	Galicia	5,83	12,44	15,21
	A Coruña	7,22	13,57	16,50
	Lugo	5,76	13,55	15,89
	Ourense	3,23	4,83	13,21
	Pontevedra	4,88	10,38	9,70

INE, "Enquisa de ocupación hoteleira" e "Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural".

No cadro 2.36 figuran o número de persoas que entraron e Galicia no período 2014-2016, desagregadas por establecemento hoteleiro.

Constátase un incremento do número de persoas nos dous períodos analizados, con especial incidencia no turismo rural: medra un 23,15% en 2015 e no 10,38% no 2016; mentres que as que se hospedan en establecementos hoteleiros aumentan un 12,03% e 5,88% en ambos períodos. O número de noites feitas tamén presenta taxas de variación positivas, de preto dun 18% en 2016 para o caso do turismo rural e dun 10,37% nos hoteis.

Cadro 2.36

**viaxeiros/as e noites en establecementos
hoteleiros e de turismo rural. Galicia**

	Establecementos hoteleiros		Turismo rural	
	Viaxeiros/as	Noites	Viaxeiros/as	Noites
2014	3.647.571	7.096.619	156.991	308.287
2015	4.086.190	7.684.702	193.328	362.233
2016	4.326.400	8.241.692	213.382	427.204

INE, "Enquisa de ocupación hoteleira" e "Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural".

O crecemento de persoas que entraron en Galicia no ano 2016 produciuse con especial intensidade nas estranxeiras (cun 8,16%), mellorando a xa positiva porcentaxe de variación nas residentes en España (un 7,13%). Obsérvase que os establecementos hoteleiros seguen sendo o destino preferente, tanto do turismo nacional coma do estranxeiro.

Non obstante, os incrementos máis notables no bienio 2015-2016 rexístranse nos apartamentos turísticos, que incrementan un 43,75% o número de ocupantes nacionais e un 62,09% no caso das e dos viaxeiros estranxeiros. Tamén cabe sinalar a mellora do turismo rural como destino do turismo estranxeiro, con taxas de variación interanual dun 31,18% e un 50,44% nas noites de aloxamento (cadro 2.37).

Cadro 2.37

viaxeiros/as e noites en establecementos por procedencia

		Nacional		Estranxeiro	
		Viaxeiros/as	Noites	Viaxeiros/as	Noites
2015	Hoteleiros	2.928.461	5.868.297	1.157.728	1.816.405
	Campamentos turísticos	172.560	702.039	58.810	132.484
	Apartamentos turísticos	70.343	279.616	15.081	44.509
	Turismo rural	147.478	289.095	45.850	73.140
2016	Hoteleiros	3.104.208	6.321.254	1.221.242	1.930.627
	Campamentos turísticos	196.913	794.999	75.597	168.640
	Apartamentos turísticos	101.119	367.540	24.445	66.387
	Turismo rural	153.520	317.509	60.145	110.033

INE, "Enquisa de ocupación hoteleira" e "Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural".

2.5. Investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación (I + D + i)

2.5.1. Investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D)

O gasto interno en investigación e desenvolvemento (I+D) alcanzou en España en 2016 13.260 millóns de euros, un incremento do 0,7% en relación co ano anterior (cadro 2.38). Dito gasto supón un 1,19% do PIB español, un lixeiro descenso dende o 1,22% destinado en 2015. No relacionado coas persoas implicadas en actividades de I+D, en 2016 ocuparon a un total de 205.872,9 persoas en equivalencia a xornada

completa (un incremento do 2,5% en relación con 2015). O cadro 2.38 presenta o detalle de gastos en I+D (internos e en persoal) distribuídos por CC.AA. Existe unha alta concentración do gasto e o persoal ocupado en actividades de I+D en Madrid e Cataluña. En concreto, ambas comunidades achegan case a metade do gasto total español en I+D (49,8%), e ocupan ao 46,3% do persoal de investigación e desenvolvemento.

Galicia dedica en 2016 un 0,87% do seu PIB a I+D, unhas décimas máis que o destinado en 2015 (0,84%). No que se refire á situación relativa no marco estatal, o gasto interno total en Galicia (503.88 euros) supón un 3,8% do gasto total estatal, por debaixo do que lle correspondería en proporción a súa participación no PIB (5,18%) e no número de empresas españolas (6,1%). Unha conclusión similar, aínda que en menor medida, obtense na análise do número de persoas implicadas nestas actividades, un 4,5% inferior á participación que lle correspondería pola representatividade na poboación activa (5,52%).

Castela e León (13,1%) e Murcia (10,2%) son as comunidades con maiores taxas de crecemento no gasto en I+D no ano 2016; mentres as maiores reducións sitúanse en Extremadura (-9,0%) e Andalucía (-7,9%). A variación na comunidade galega (1,5%), sen ser das máis elevadas, duplica a media de variación estatal (0,7%). Deste xeito, a nosa comunidade mantén a sétima posición en relación coa súa participación no gasto total en I+D do Estado. A análise do persoal implicado nestas actividades sitúa a Galicia en quinto lugar no relacionado coa participación relativa no persoal total ocupado en actividades de I+D en España (4,5%), cunha taxa de variación en relación co ano precedente que supera nun punto á media do conxunto do Estado.

Cadro 2.38


Gastos internos e persoal en I + D. Por comunidades autónomas. 2016

	Gastos internos			Persoal en equivalencia a xornada completa		
	Total (Miles de euros)	%	Taxa de Variación 2015-2016	Total	%	Taxa de Variación 2015-2016
Andalucía	1.359.795	10,3	-7,9	23.121,2	11,2	-1,7
Aragón	310.138	2,3	2,7	5.603,6	2,7	4,1
Asturias	161.352	1,2	1,7	3.127,3	1,5	4,3
Baleares	94.568	0,7	6,1	2.005,3	1,0	11,3
Canarias	198.586	1,5	-1,8	3.202,5	1,6	3,3
Cantabria	105.921	0,8	2,5	1.836,2	0,9	3,0
Castela e León	606.603	4,6	13,1	8.873,5	4,3	-0,1
Castela-A Mancha	216.222	1,6	6,5	3.149,7	1,5	11,0
Cataluña	3.103.405	23,4	-0,1	46.592,4	22,6	3,9
C. Valenciana	1.038.033	7,8	2,4	18.741,2	9,1	4,1
Extremadura	106.042	0,8	-9,0	1.885,8	0,9	-4,6
Galicia	503.888	3,8	1,5	9.366,9	4,5	3,6
Madrid	3.504.858	26,4	0,7	48.701,1	23,7	2,8
Murcia	269.137	2,0	10,2	5.808,3	2,8	3,0
Navarra	308.606	2,3	3,0	4.587,8	2,2	0,5
País Vasco	1.302.828	9,8	2,6	17.831,4	8,7	0,7
A Rioxa	67.336	0,5	-5,5	1.383,7	0,7	-1,0
Ceuta e Melilla	2.451	0,0	-	55,0	0,0	0,0
España	13.259.769	100,0	0,7	205.872,9	100,0	2,5

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.


Remata esta panorámica xeral analizando a porcentaxe do PIB de cada comunidade autónoma que se destina a actividades de I+D (gráfico 2.23). Neste contexto, Galicia ocupa a décima posición, tres décimas porcentuais por debaixo da media no Estado e menos da metade do que destina o País Vasco, a comunidade que lidera a clasificación cun 1,89% do seu PIB.

Gráfico 2.23



A análise da serie histórica da porcentaxe do gasto en I+D en Galicia en relación co de España dende 1994 aparece no gráfico 2.24. A suba relativa de 1995 permitiulle a Galicia pasar do 2,57% de 1994 ao 3,33%; permanecendo relativamente estable ao redor desa porcentaxe ata o ano 2000. A partir dese momento, prodúcese unha forte suba que sitúa o gasto por enriba do 4%. Despois dunha leve caída en 2005, acada o valor máximo da serie en 2007, un 4,16%. A partir dese ano, sitúase con pequenas variacións no entorno do 3,60%. Haberá que esperar ata 2013 para recuperar a senda crecente, que acada seu valor máximo en 2016, un 3,80%. Dita porcentaxe é a maior dos últimos oito anos.

Gráfico 2.24



No que se refire á distribución do gasto en I+D por sector de execución, conséntase que o sector empresarial é o que acada máis fondos tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. Cabe destacar, ademais, que no período transcorrido entre 2014 e 2016 dito sector reforza a súa posición como destino preferente (cadro 2.39). Así, se no ano 2014 o gasto de I+D en ensino superior –que ocupa a segunda posición na prelación de gasto total- supoñía un 79,29% do gasto en empresas; no 2016 pasa a constituír un 75,76%. Por outra banda, en 2016 o gasto total en I+D incrementouse en 26.609.000 euros na nosa comunidade. Deste aumento, o 46,24% correspóndese cun incremento de fondos para o sector empresarial, mentres que os incrementados para o ensino superior quedan nun 5,73% e o gasto nas Administracións públicas acada un 3,53%. Cabe salientar que esta tendencia se corresponde coa que se segue no total estatal –onde o sector empresarial duplica os gastos correspondentes ao ensino superior- e a detectada nas comunidades que máis invisten en I+D en proporción do seu PIB (Madrid, Navarra, Cataluña e, moi especialmente, o País Vasco).

Resulta significativo comprobar que nas comunidades que fan un maior esforzo en I+D (País Vasco, Madrid, Navarra e Cataluña) o sector privado é o responsable da meirande parte da actividade, o que pon de relevo a necesidade de dispoñer dun tecido produtivo con forte actividade de I+D. Debe notarse, ademais, que son comunidades cunha fonda tradición industrial. O sector servizos, tradicionalmente, require menos I+D para sustentar a súa actividade.

Cadro 2.39

**Gastos internos totais en I + D.
Por comunidades autónomas e sector de execución. 2016**

	Total	% sobre PIB	Empresas	Administración pública	Ensino superior	IPSFL ⁽¹⁾
Andalucía	1.359.795	0,92	501.757	276.331	579.023	2.685
Aragón	310.138	0,89	160.466	79.430	70.158	85
Asturias	161.352	0,74	74.446	28.985	57.803	117
Baleares	94.568	0,33	18.817	32.198	43.263	290
Canarias	198.586	0,47	33.147	60.175	105.084	180
Cantabria	105.921	0,84	35.633	23.260	44.008	3.020
Castela e León	606.603	1,10	363.218	49.900	193.177	309
Castela-A Mancha	216.222	0,57	128.881	26.837	(...)	(...)
Cataluña	3.103.405	1,46	1.778.955	599.304	709.041	16.105
C. Valenciana	1.038.033	0,99	434.212	131.392	471.984	445
Estremadura	106.042	0,60	20.335	24.515	(...)	(...)
Galicia	503.888	0,87	239.086	82.024	181.137	1.642
Madrid	3.504.858	1,66	1.992.705	865.147	641.532	5.474
Murcia	269.137	0,94	122.568	34.774	111.656	139
Navarra	308.606	1,62	211.019	27.075	(...)	(...)
País Vasco	1.302.828	1,89	978.503	95.747	227.260	1.319
A Ríoxa	67.336	0,84	32.224	15.682	19.394	35
España	13.259.769	1,19	7.125.972	2.452.776	3.648.812	32.209

En miles de euros (agás a 2ª columna, que está en porcentaxe)

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

(...) dato protexido por segredo estatístico.

Na liña co anteriormente exposto constátase que o sector Empresas en España representou a maior porcentaxe sobre o gasto total en I+D, cun 53,7% (cadro 2.40). A continuación figura o sector de Ensinanza superior, cun 27,5% do gasto total. O gasto das Administracións Públicas supón o 18,5% do gasto total, mentres o 0,2% restante correspondeu ao sector Institucións Privadas sen Fins de Lucro (IPSFL). A prelación entre sectores en Galicia, como se destacou con anterioridade, é a mesma. A distribución, porén, se presenta na nosa comunidade en porcentaxes algo menores no destinado a Administracións públicas e empresas –esta última, con maior diferenza a prol de España- e lixeiramente superiores no gasto destinado ao ensino superior e IPSFL.

Cadro 2.40

Gastos internos totais en I + D (%).
Por comunidades autónomas e sector de execución. 2016

	Empresas	Administración pública	Ensino superior	IPSEFL ⁽¹⁾
Andalucía	36,90	20,32	42,58	0,20
Aragón	51,74	25,61	22,62	0,03
Asturias	46,14	17,96	35,82	0,07
Baleares	19,90	34,05	45,75	0,31
Canarias	16,69	30,30	52,92	0,09
Cantabria	33,64	21,96	41,55	2,85
Castela e León	59,88	8,23	31,85	0,05
Castela-A Mancha	59,61	12,41		
Cataluña	57,32	19,31	22,85	0,52
C. Valenciana	41,83	12,66	45,47	0,04
Estremadura	19,18	23,12		
Galicia	47,45	16,28	35,95	0,33
Madrid	56,86	24,68	18,30	0,16
Murcia	45,54	12,92	41,49	0,05
Navarra	68,38	8,77		
País Vasco	75,11	7,35	17,44	0,10
A Ríoxa	47,86	23,29	28,80	0,05
España	53,74	18,50	27,52	0,24

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

A información do cadro anterior pode completarse coa análise do gasto destinado a financiar a persoal en actividades de I+D. A este respecto, o cadro 2.41 presenta a situación no ano 2016. Pódese comprobar que a partida de gastos de persoal, globalmente, representa unha cantidade bastante escasa do gasto total de I+D nas diferentes comunidades e no conxunto do Estado. O persoal en ensino superior acapara a meirande contía, case sen excepción.

Cadro 2.41

**Gastos en persoal actividades en I + D.
Por comunidades autónomas e sector de execución. 2016**

	Total	Empresas	Administración pública	Ensino superior	IPSFL ⁽¹⁾	% Persoal s/gasto total
Andalucía	1.359.795	6.986	5.519	10.535	82	0,02
Aragón	310.138	2.297	1.218	2.085	3	0,02
Asturias	161.352	1.254	588	1.282	4	0,02
Baleares	94.568	369	449	1.180	8	0,02
Canarias	198.586	520	1.031	1.647	4	0,02
Cantabria	105.921	574	454	768	41	0,02
Castela e León	606.603	3.407	918	4.539	9	0,01
Castela-A Mancha	216.222	1.538	496	(...)	(...)	
Cataluña	3.103.405	22.064	9.747	14.561	220	0,02
C. Valenciana	1.038.033	7.140	2.447	9.145	8	0,02
Estremadura	106.042	425	466	(...)	(...)	
Galicia	503.888	3.777	1.396	4.165	29	0
Madrid	3.504.858	22.295	12.787	13.490	129	0,01
Murcia	269.137	1.911	525	3.369	4	0,02
Navarra	308.606	2.510	429	(...)	(...)	
País Vasco	1.302.828	12.538	1.246	4.026	22	0,01
A Rioxa	67.336	524	257	603	1	0,02
España	13.259.769	90.129	39.972	75.191	580	0

En miles de euros (agás a 2ª columna, que está en porcentaxe).

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

(...) dato protexido por segredo estatístico.

A porcentaxe do gasto destinado a financiar a actividade de I+D exercidas por mulleres é maioritaria só no caso das Administracións públicas. Concretamente, Galicia destina o 60,01% do gasto de persoal en Administracións Públicas a gastos vinculados con mulleres no sector, o que a coloca á cabeza do Estado neste parámetro, 9 puntos porcentuais por enriba da media (51,21%). O gasto para mulleres traballando en actividades nas empresas é o de menor representación, situándose ao redor do 30%. Galicia, neste caso, queda por baixo da media nacional (26,37%). O cadro 2.42 recolle esta información.

Cadro 2.42

% Gasto mulleres. 2016

	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL ⁽¹⁾
Andalucía	29,50	49,53	45,25	19,93
Aragón	28,54	48,55	47,72	51,61
Asturias	30,39	52,20	44,19	2,56
Baleares	21,72	52,95	47,70	16,25
Canarias	28,35	37,36	42,60	43,18
Cantabria	28,40	57,97	44,84	36,56
Castela e León	30,40	52,30	49,90	41,49
Castela-A Mancha	32,65	45,74	..	..
Cataluña	33,50	51,64	48,81	55,65
C. Valenciana	29,50	56,24	44,31	54,22
Estremadura	29,84	41,88	..	..
Galicia	26,37	60,01	46,93	61,22
Madrid	32,00	50,75	42,50	66,54
Murcia	30,70	45,70	40,57	41,03
Navarra	29,00	48,11	..	..
País Vasco	29,08	58,24	50,36	59,63
A Rioxa	28,20	55,12	48,13	0,00
España	30,94	51,21	45,83	51,10

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

O cadro 2.43 presenta a evolución do gasto por sectores dende 2010, en Galicia e España. Pódese comprobar que as porcentaxes relativas se manteñen bastante estables nos últimos seis anos, como tamén as diferenzas entre o principal destino do gasto entre Galicia e o conxunto do Estado. Por sectores de execución, a investimento descansa fundamentalmente no sector privado, que creceu dous puntos porcentuais tanto na nosa comunidade como en España entre 2010 e 2016; e obsérvase un leve descenso en ensino superior, algo máis importante en Galicia (do 38% en 2010 a 35,95% en 2016) que en España (menos dun punto ata o actual 27,52%). A variación no apartado "resto de sectores" vincúlase principalmente cos movementos no sector público, cun incremento na comunidade galega e unha redución en España entre 2010 e 2016. A partida destinada a empresas en Galicia acada preto de seis puntos porcentuais menos que en España, de igual xeito que a destinada a ensino superior é superior en Galicia nunha diferenza similar.

Cadro 2.43

Porcentaxe de execución do gasto en I+ D por sectores. Galicia e España. 2010-2014

	Galicia				España			
	2.010	2.012	2.014	2.016	2.010	2.012	2.014	2.016
Empresas	45,07	46,00	47,61	47,45	51,65	52,98	52,92	53,74
Ensino Superior	38,99	39,56	37,76	35,95	28,26	27,75	28,13	27,52
Resto dos Sectores ⁽¹⁾	15,94	14,43	14,63	16,60	20,09	19,27	18,95	18,74

(1) Administración pública e Institucións privadas sen fins de lucro.

Fonte: INE, Estatística de I+D.

No cadro 2.44 aparece a evolución dende o ano 2000 das porcentaxes do gasto en I+D respecto do PIB nas distintas comunidades autónomas. Obsérvase unha tendencia xeral de crecemento ata o ano 2009, cando se inverte a decrecente ata unha lixeira recuperación entre ese ano e 2015. Agás en Castela e León e Murcia, en todas as comunidades prodúcese un leve descenso entre 2015 e 2016, de xeito semellante ao comportamento medio no conxunto do Estado.

En Galicia salienta o crecemento producido en 2007 (trece centésimas), que culmina no seguinte ano onde acada a maior porcentaxe respecto ao PIB, o 1,04%. A partir de aí vai descendendo, ata estabilizarse en torno ao 0,89% a partir de 2012. No último ano obsérvase tamén un leve descenso, que o sitúa no 0,87%.

Cadro 2.44

Evolución da porcentaxe de gastos respecto ao PIB a prezos de mercado. Por comunidades autónomas 2000-2016

	2000	2001(*)	2002(*)	2003(*)	2004(*)	2005(*)	2006(*)	2007(*)	2008(*)	2009(**)	2010(**)	2011(**)	2012(***)	2013 (***)	2014 (***)	2015	2016
Andalucía	0,65	0,60	0,60	0,85	0,76	0,84	0,89	1,02	1,03	1,11	1,22	1,16	1,05	1,04	1,06	1,03	0,92
Aragón	0,69	0,69	0,71	0,70	0,69	0,79	0,87	0,90	1,03	1,12	1,13	0,97	0,95	0,90	0,92	0,90	0,89
Asturias	0,82	0,69	0,62	0,67	0,65	0,70	0,88	0,93	0,97	1,01	1,06	0,97	0,90	0,86	0,83	0,75	0,74
Baleares	0,22	0,23	0,24	0,24	0,26	0,27	0,29	0,33	0,36	0,38	0,43	0,37	0,34	0,33	0,32	0,33	0,33
Canarias	0,47	0,54	0,58	0,52	0,58	0,58	0,65	0,64	0,63	0,60	0,63	0,60	0,52	0,50	0,49	0,49	0,47
Cantabria	0,46	0,57	0,53	0,45	0,44	0,45	0,79	0,88	1,01	1,17	1,24	1,11	1,02	0,91	0,85	0,85	0,84
Castela e León	0,64	0,82	0,80	0,86	0,93	0,89	0,97	1,10	1,27	1,15	1,11	1,04	1,14	0,99	1,02	1,00	1,10
Castela-A Mancha	0,56	0,34	0,43	0,42	0,41	0,41	0,47	0,60	0,72	0,63	0,69	0,70	0,60	0,53	0,54	0,55	0,57
Cataluña	1,06	1,10	1,19	1,27	1,33	1,35	1,42	1,48	1,62	1,70	1,66	1,60	1,51	1,50	1,49	1,52	1,46
C. Valenciana	0,71	0,74	0,77	0,83	0,89	0,98	0,95	0,95	1,05	1,11	1,08	1,05	1,03	1,02	1,04	1,00	0,99
Extremadura	0,54	0,59	0,59	0,52	0,41	0,68	0,72	0,74	0,86	0,90	0,88	0,85	0,75	0,76	0,70	0,67	0,60
Galicia	0,64	0,72	0,79	0,85	0,85	0,87	0,89	1,03	1,04	0,94	0,94	0,94	0,89	0,86	0,89	0,89	0,87
Madrid	1,58	1,67	1,76	1,69	1,64	1,81	1,96	1,92	2,02	2,05	2,06	2,00	1,73	1,75	1,70	1,71	1,66
Murcia	0,69	0,62	0,54	0,68	0,65	0,73	0,76	0,91	0,86	0,87	0,92	0,86	0,84	0,84	0,88	0,89	0,94
Navarra	0,87	1,16	1,05	1,34	1,80	1,68	1,91	1,88	1,94	2,19	2,04	2,12	1,95	1,79	1,76	1,62	1,62
País Vasco	1,16	1,36	1,29	1,39	1,51	1,48	1,58	1,87	1,98	2,13	2,03	2,15	2,23	2,09	2,04	1,91	1,89
A Rioxa	0,57	0,62	0,54	0,63	0,66	0,66	1,04	1,16	1,01	1,08	1,06	1,02	0,89	0,79	0,93	0,90	0,84
Es paña	0,91	0,95	0,99	1,05	1,06	1,12	1,20	1,27	1,35	1,39	1,40	1,36	1,27	1,24	1,24	1,22	1,19

Dende 2001 (*) ata 2009 PIB pm base 2.000.

Dende 2009 (**) ata 2012 PIB pm base 2.008.

Dende 2012 (***) en adelante PIB pm base 2.010.

(A) estimación avance do PIB.

(P) estimación provisional do PIB.

Fonte: INE, Estatística de I+D.

Unha análise máis polo miúdo desta evolución permite obter resultados de interese. O cadro 2.45 presenta as taxas de crecemento medio anual das porcentaxes de gasto en I+D (en relación co PIB) nas diferentes CC.AA., en distintos cortes temporais: o total do período, entre 2000 e 2007, de 2008 a 2013 e o máis recente, os anos 2014-2016.

Cadro 2.45**TCA de gastos respecto ao PIB a prezos de mercado**

	Total	2000/2007	2008/2013	2014/2016
Andalucía	2,20	6,65	0,19	-6,72
Aragón	1,60	3,87	-2,66	-1,58
Asturias	-0,64	1,81	-2,38	-5,84
Baleares	2,57	5,96	-1,73	0,78
Canarias	0,00	4,51	-4,52	-1,63
Cantabria	3,84	9,71	-2,06	-0,77
Castela e León	3,44	8,04	-4,86	4,08
Castela-A Mancha	0,11	0,99	-5,94	2,67
Cataluña	2,02	4,88	-1,53	-1,12
C. Valenciana	2,10	4,25	-0,58	-2,43
Estremadura	0,66	4,60	-2,44	-7,20
Galicia	1,94	7,03	-3,73	-0,91
Madrid	0,31	2,82	-2,83	-1,05
Murcia	1,95	4,03	-0,47	3,36
Navarra	3,96	11,64	-1,60	-4,03
País Vasco	3,10	7,06	1,09	-3,84
A Rioxa	2,45	10,68	-4,79	-5,20
España	1,69	4,88	-1,69	-2,04


Fonte: INE, Estatística de I+D.

En media, en España o gasto total porcentual en I+D ven aumentando a un ritmo medio do 1,69%. Navarra, Cantabria, Castela e León e o País Vasco destacan no esforzo acumulado neste investimento, mentres que o ritmo de Madrid –que destacamos anteriormente en relación coa cantidade que anualmente destina a I+D- é menor. Asturias é a única comunidade que dedica en 2016 unha cantidade menor do seu PIB que a que destinaba no ano 2000. Galicia, no total do período, presenta un crecemento medio acumulado lixeiramente superior á media española (1,69% e 1,94%, respectivamente). O período entre 2000 e 2007 caracterízase por fortes incrementos anuais da parte do PIB das comunidades dirixida a actividades de I+D, con taxas de crecemento medio superiores ao 10% en casos como o da comunidade Navarra ou A Rioxa. O crecemento medio en Galicia nesta etapa expansiva (7,03%) é case tres puntos superior ao español (4,88%). A etapa de maior intensidade da crise (2008-2013) correspóndese cunha forte redución do gasto en I+D en todas as comunidades agás a andaluza, cunha media de decrecemento próxima ao 1,70% anual en media do conxunto do Estado. Galicia, pola súa banda, presenta unha taxa media de diminución do 3,73%, superior á media estatal. Esta etapa de restrición non remata, como cabería esperar, en 2014, onde só Castela-A Mancha e Castela e León presentan taxas acumuladas positivas. Cabe destacar que na práctica totalidade das

comunidades obsérvase unha diminución relativa entre 2015 e 2016, o que pode explicar este resultado global.

Estes datos resúmense no gráfico 2.25 onde se pode comprobar esta variabilidade e, particularmente, a diferenza entre o período expansivo (2000-2007) diferencial do resto, e que explica en forte medida os resultados globais positivos dos últimos dezaseis anos no conxunto das comunidades.

Gráfico 2.25



O cadro 2.46 permite poñer en relación a porcentaxe de gasto en I+D que se realiza nos diferentes países que integran a UE, así como outros países de Europa, co realizado en Galicia e España. A Estratexia Europa 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador establece como obxectivo clave o aumento do investimento comunitario ata o 3% do PIB. Neste contexto, a media de gasto europeo aumenta progresivamente dende o 1,84% en media do 2008 ata 2014, a partir de cando queda estable en torno a un 2%. Suecia, Austria e Dinamarca aparecen de forma destacada no esforzo inversor. España, pola súa banda, queda por debaixo da media en todos os períodos, e ademais con tendencia decrecente. Así, se en 2008 o dato no marco estatal supoñía un 73,36% do gasto medio en Europa, en 2016 só supón un 58,62%, unha progresión claramente descendente a unha media do -2,77% anual. A comunidade galega perde máis de trece puntos porcentuais no período, pasando dun gasto en 2008 que supoñía un 56,52% da media europea ao 42,86% de 2016. A porcentaxe de gasto en Galicia sitúanos no entorno de países como Croacia,

Bulgaria, Eslovaquia ou Lituania; España queda no marco de Estados como Estonia, Hungría, Italia ou Luxemburgo.

Resulta de particular interese constatar como no ano 2008, nos albores da crise, o investimento galego en I+D supoñía o 1,04% do PIB; e o de España un 1,35%, acadando a mínima diferenza de cara a converxencia coas economías de referencia da zona euro. A partir de entón, o escenario é diferente, e a caída do investimento volve a ensanchar de forma progresiva a fenda con Europa. De feito, en 2016 –o último dato oficial dispoñible- a distancia é de 0,84 e 1,19 puntos (España e Galicia, respectivamente), a maior diferenza da serie analizada. Mentres que países como Alemaña, Francia, Italia ou o Reino Unido manteñen constante ou incluso aumentan o seu esforzo de investimento neses anos, España comeza una vía diverxente de redución en 2008, ano a partir do cal se producen baixadas relativas do peso do investimento en I+D en relación co PIB. Galicia, pola súa banda, mantense bastante constante ata a redución rexistrada no último ano.

Cadro 2.46


Porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB. Países OCDE Europa: 2008-2016

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
EU (28 países)	1,84	1,93	1,93	1,97	2,01	2,02	2,03	2,03	2,03
Alemaña	2,60	2,72	2,71	2,80	2,87	2,82	2,87	2,92	2,94
Austria	2,57	2,60	2,73	2,67	2,91	2,95	3,07	3,05	3,09
Belxica	1,92	1,99	2,05	2,16	2,27	2,33	2,39	2,47	2,49
Bulgaria	0,45	0,49	0,56	0,53	0,60	0,63	0,79	0,96	0,78
Chipre	0,39	0,44	0,45	0,46	0,44	0,48	0,51	0,48	0,50
Croacia	0,88	0,84	0,74	0,75	0,75	0,81	0,78	0,84	0,84
Dinamarca	2,77	3,06	2,92	2,94	2,98	2,97	2,91	2,96	2,87
Eslovaquia	0,46	0,47	0,62	0,66	0,80	0,82	0,88	1,18	0,79
Eslovenia	1,63	1,82	2,06	2,42	2,57	2,58	2,37	2,20	2,00
España	1,32	1,35	1,35	1,33	1,29	1,27	1,24	1,22	1,19
Estonia	1,26	1,40	1,58	2,31	2,12	1,72	1,45	1,49	1,28
Finlandia	3,55	3,75	3,73	3,64	3,42	3,29	3,17	2,90	2,75
Francia	2,06	2,21	2,18	2,19	2,23	2,24	2,23	2,22	
Grecia	0,66	0,63	0,60	0,67	0,70	0,81	0,83	0,97	0,99
Hungría	0,98	1,13	1,14	1,19	1,26	1,39	1,35	1,36	1,21
Irlanda	1,39	1,61	1,59	1,55	1,56	1,56	1,50	1,20	1,18
Italia	1,16	1,22	1,22	1,21	1,27	1,31	1,34	1,34	1,29
Letonia	0,58	0,45	0,61	0,70	0,66	0,61	0,69	0,63	0,44
Lituania	0,79	0,83	0,78	0,90	0,89	0,95	1,03	1,04	0,74
Luxemburgo	1,62	1,68	1,50	1,46	1,27	1,30	1,26	1,27	1,24
Malta	0,53	0,52	0,61	0,67	0,83	0,77	0,72	0,77	0,61
Países Baixos	1,64	1,69	1,72	1,90	1,94	1,95	2,00	2,00	2,03
Polonia	0,60	0,66	0,72	0,75	0,88	0,87	0,94	1,00	
Portugal	1,45	1,58	1,53	1,46	1,38	1,33	1,29	1,24	1,27
Reino Unido	1,63	1,69	1,67	1,67	1,60	1,65	1,67	1,67	1,69
República Checa	1,24	1,29	1,34	1,56	1,78	1,90	1,97	1,93	1,68
Romanía	0,57	0,46	0,45	0,49	0,48	0,39	0,38	0,49	0,48
Suecia	3,50	3,45	3,22	3,25	3,28	3,31	3,15	3,27	3,25
Turquía	0,69	0,81	0,80	0,80	0,83	0,82	0,86	0,88	
Islandia	2,52	2,64		2,48		1,76	2,00	2,17	2,08
Noruega	1,55	1,72	1,65	1,63	1,62	1,65	1,71	1,93	2,04
Rusia	0,98	1,17	1,06	1,02	1,05	1,06	1,07	1,10	
Galicia	1,04	0,94	0,94	0,94	0,89	0,86	0,87	0,89	0,87
España	1,35	1,39	1,35	1,33	1,28	1,26	1,23	1,22	1,19

Fonte: IGE e Eurostat.

Esta situación, e máis concretamente a redución sostida que se observa en España dende 2010, sitúa a España lonxe do obxectivo de gasto en I+D respecto do PIB para 2020, aínda tendo en conta a redución de dito obxectivo (do 3 ao 2 por 100 do PIB) establecida no Programa Nacional de Reformas 2013. Galicia, pola súa banda, permanece tamén lonxe do seu propio obxectivo, fixado no 1,70% do PIB no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 para o ano 2020. A estratexia estatal contempla, entre outras medidas, conseguir unha maior participación do sector privado no investimento I+D, que debería alcanzar o 1,2 % sobre o PIB en 2020. En Galicia dito obxectivo tradúcese a unha participación do sector privado de 2/3 do obxectivo (1,7% do PIB). Tal e como vimos anteriormente, na actualidade o sector privado supón o 47,45% do gasto en I+D. Como podemos comprobar no seguinte gráfico, a situación nas comunidades autónomas e no marco estatal está, na actualidade, lonxe de tal obxectivo. Tan só o País Vasco o cumpre, cun 1,42% de esforzo inversor do sector privado (gráfico 2.26).

Gráfico 2.26



2.5.2. Innovación tecnolóxica nas empresas

A Enquisa de innovación tecnolóxica nas empresas do INE permite coñecer a estratexia tecnolóxica das empresas e os factores que inflúen na súa capacidade para innovar e ademais proporciona o marco base para estudos posteriores, como pode ser a utilización da tecnoloxía punta nos procesos de fabricación ou a análise dos fluxos de pagos e ingresos tecnolóxicos. Nesta enquisa avalíase a actividade das empresas

que realizan algunha actividade innovadora (I+D, adquisición de tecnoloxía inmaterial software, gastos en deseño, etc.). O cadro 2.47 recolle os principais indicadores de I+D nas empresas manufactureiras de alta e media alta tecnoloxía e de servizos de alta tecnoloxía.

Cadro 2.47

Principais indicadores de I+D en empresas, por tipo de empresa⁽¹⁾ e comunidades autónomas. 2016

	Manufactureiras de alta e media-alta tecnoloxía			De servizos de alta tecnoloxía		
	Nº empresas	Gastos I+D (miles euros)	Persoal en EXC	Nº empresas	Gastos I+D (miles euros)	Persoal en EXC
Andalucía	152	149.897	1.837	286	154.145	2.445
Aragón	126	84.449	1.147	79	30.383	443
Asturias	33	8.766	136	76	39.553	676
Baleares	10	2.124	44	45	11.146	227
Canarias	4	647	14	53	22.482	362
Cantabria	28	12.737	218	35	7.259	121
Castela e León	64	98.720	1.136	128	193.833	1.352
Castela-A Mancha	53	63.857	630	53	23.215	258
Cataluña	718	825.972	8.979	583	414.006	6.285
C. Valenciana	259	128.216	1.652	288	122.259	2.358
Estremadura	7	1.128	35	37	5.395	138
Galicia	98	60.448	769	184	86.921	1.696
Madrid	279	661.574	5.475	648	721.031	9.269
Murcia	65	21.965	374	80	28.950	543
Navarra	89	75.078	845	71	30.686	391
País Vasco	343	282.788	3.239	333	454.797	5.887
A Ríoxa	13	2.152	40	31	6.226	146
España	2.193	2.480.520	26.570	2.695	2.352.286	32.596

(1) Manufactureiras de alta tecnoloxía: Industria farmacéutica, maquinaria de oficina e material informático, compoñentes electrónicos, aparatos de radio, TV e comunicación, instrumentos médicos, de precisión, óptica e relojería e construción aeronáutica e espacial.

Manufactureiras de media-alta tecnoloxía: Industria química agás farmacia; maquinaria e equipo; maquinaria e aparatos eléctricos; industria do automóbil; outro material de transporte.

De servizos de alta tecnoloxía: Correos e telecomunicacións; actividades informáticas; investigación e desenvolvemento.

Fonte: INE, Base: Indicadores de Ciencia e tecnoloxía.

Na nosa comunidade apréciase un escaso número de empresas manufactureiras de alta-media tecnoloxía, en concreto 98 empresas (un 4,47% do total nacional). Tamén ten una escasa representación nos gastos en I+D e en persoal en actividades de innovación, un 2,44% e 2,89% do total no conxunto do Estado. As cifras relacionadas cos servizos de alta tecnoloxía debuxan un mellor panorama, con 184 empresas (6,83% do total) cun gasto un 143,7% superior ao das empresas manufactureiras (3,70% do total do Estado). As empresas de servizos dan emprego a 1.696 persoas en 2016, un 5,20% do total en España. Cataluña, Madrid e o País Vasco son as comunidades que lideran todas as categorías, sobre todo no relacionado co sector industrial. Entre as tres comunidades suman o 61% das empresas manufactureiras, que empregan a case o 66,60% do persoal e supoñen un 71,37% do gasto total. No sector servizos os datos son lixeiramente menores, pero con idéntica tendencia á concentración: 58% das empresas, 65,80% do emprego e 67,59% do gasto total en I+D (cadro 2.48).

Na comparativa coa situación no ano 2014, España perde un total de 153 empresas, un 6,53%. A comunidade que presenta unha maior redución é Canarias, cun 33% menos de empresas en 2016; mentres que Madrid e Aragón figuran como as máis emprendedoras, con melloras do 9,84% e 9,56%, respectivamente. Galicia sofre unha caída do 7,57%, con 8 empresas innovadoras menos que en 2014. A situación invértese no sector servizos, onde España rexistra un incremento de 218 empresas en relación coa situación de 2014. Destas, 37 son novas empresas galegas (un 17%). De feito, Galicia é a segunda comunidade que máis mellora no número de empresas innovadoras do sector servizos, empatada con Madrid e con só unha empresa menos que as creadas en Cataluña, comunidade que lidera a clasificación. Cabe destacar tamén que o gasto medio por empresa no sector industrial se cifra en preto de 617.000 euros, unha mellora do 38% en relación con 2014. Polo contrario, no sector servizos redúcese este gasto en 53.700 euros, un 10,21%. Isto nos sitúa nunha mellor situación relativa en relación coa media estatal no apartado de gasto medio en empresas manufactureiras (a media de mellora no conxunto do Estado foi do 18,71%) pero nunha menos positiva nas empresas de servizos, posto que a media en España apunta a unha mellora do 7,86%.

O gasto en actividades para a innovación tecnolóxica en Galicia acadou 504 millóns de euros en 2014, un incremento de practicamente 37,5 millóns en relación co gasto de 2014 (máis dun 8%). O cadro 2.48 recolle o número de empresas innovadoras en 2016, así como o gasto en innovación tecnolóxica distribuído por comunidades autónomas xunto coa porcentaxe de cifra de negocios en produtos novos e mellorados. Como se pode observar, tanto na porcentaxe de empresas innovadoras sobre o total estatal (5,3%) coma na cifra de gasto (3,64%) a nosa comunidade está por debaixo do que lle correspondería atendendo ao seu potencial demográfico.

Cabe sinalar, non obstante, que na comparación cos datos de 2014 Galicia mellora algo máis dun 8% nos gastos en innovación, sendo a sexta comunidade no conxunto estatal nesta mellora.

Cadro 2.48

Empresas Innovadoras e gastos en innovación por CC.AA. 2016

	Empresas Innovadoras		Gastos en Innovación 2016	% de la cifra de negocios en productos novos e mellorados
	Total	%	Total	
Andalucía	1.712,0	10,1	759.321,0	9,7
Aragón	570,0	3,4	321.766,0	19,2
Asturias	304,0	1,8	150.322,0	10,0
Baleares	207,0	1,2	35.370,0	10,7
Canarias	483,0	2,8	56.553,0	3,9
Cantabria	159,0	0,9	69.987,0	16,0
Castela e León	587,0	3,5	494.508,0	9,4
Castela-A Mancha	548,0	3,2	246.457,0	5,2
Cataluña	3.602,0	21,2	3.367.177,0	14,9
C. Valenciana	1.929,0	11,4	827.094,0	7,3
Estremadura	272,0	1,6	29.371,0	5,6
Galicia	900,0	5,3	504.024,0	13,7
Madrid	2.958,0	17,4	5.127.755,0	22,0
Murcia	563,0	3,3	193.411,0	9,6
Navarra	402,0	2,4	260.454,0	13,7
País Vasco	1.587,0	9,3	1.370.060,0	26,3
A Rioxa	203,0	1,2	41.911,0	19,9
España	16.986,0	100,0	13.855.541	16,7

Gastos en miles de euros.

Fonte: INE, Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas 2014.

2.6. Política industrial. A achega das Administracións públicas

2.6.1. Introducción

Ese apartado céntrase na análise das intervencións de maior relevancia das diferentes Administracións públicas na contorna industrial e empresarial, que permiten configurar unha visión xenérica das liñas de actuación prioritarias das políticas públicas en Galicia. Esta proposta fundaméntase en dous eixos de actuación, determinados polo axente impulsor das actuacións: a UE, e as actuacións estatais.

2.6.2 As actuacións da UE

A política de cohesión 2014-2020 introduce novos principios como consecuencia da experiencia de períodos de programación anteriores. O maior cambio é a simplificación da política de cohesión, ao que se supeditan o resto de principios:

- Harmonización das normas para os diversos fondos: FEDER, FSE, Cohesión, e os fondos sectoriais: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).
- Principio de flexibilidade en programas e sistemas.

- Principio de proporcionalidade de forma, en relación coa elaboración de informes de control dos FFSSEE.
- Principio de seguridade xurídica e dixitalización de documentos e procesos.

A política de cohesión da UE neste período implántase a través de dous documentos estratéxicos: o Marco financeiro plurianual 2014-2020 (MFP) e os acordos de Asociación de cada estado membro xunto cunha norma de regulamento común dos fondos (Regulamento 1303/2013). O Marco financeiro plurianual ten tres obxectivos principais:

- Establecer as grandes cifras de prioridades de investimento establecidas para a UE no horizonte 2014-2020.
- Fixar a disciplina orzamentaria na UE.
- Servir de base para a adopción do orzamento anual da UE, a través dun marco plurianual.

Neste marco, os FFSSEE establecen tres categorías: (a) rexións menos desenvolvidas, cun PIB per cápita inferior ao 75% da media da UE27; (b) rexións en transición, cun PIB per cápita entre o 75% e o 90% da media da UE27 e (c) rexións cun PIB per cápita superior ao 90% da media da UE27, entre as que se inclúe a comunidade galega.

Ao longo do período 2014-2020 Galicia recibirá axuda comunitaria procedente dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (FEDER, FSE, FEADER e FEMP) por un importe aproximado de 4.155,5 millóns de euros, que xunto coa achega adicional pública e privada, mobilizará un investimento global de 6.110,4 millóns de euros, cuxa articulación práctica se xestionará a través de programas operativos (cadro 2.49).

Cadro 2.49

Fondos comunitarios e programas operativos Galicia 2014-2020

FONDO/PROGRAMA OPERATIVO	Axuda Comunitaria	Coste	% sobre total Axuda Comunitaria
FEDER REXIONAL GALICIA	883.369.306	1.104.211.637	21,26
Crecemento Intelixente FEDER Plurirrexional	458.936.344	820.009.602	11,04
Crecemento Sustentable FEDER Plurirrexional	570.345.171	964.917.209	13,73
PEME FEDER-Plurirrexional	44.235.080	44.235.080	1,06
SUBTOTAL FEDER	1.956.885.901	2.933.373.606	47,09
FSE REXIONAL GALICIA	313.142.972	391.428.715	7,54
Emprego Xuvenil FSE Plurirrexional	97.764.350	109.553.580	2,35
Emprego, Formación e Educación FSE Plurirrexional	299.100.000	373.875.005	7,20
Inclusión Social e Economía Social FSE Plurirrexional	112.400.000	140.500.007	2,70
Asistencia Técnica FSE Plurirrexional	3.300.000	5.304.631	0,08
Fondo de Axuda Europa ás persoas desfavorecidas Plurirrexional (FEAD)	28.200.000	33.176.471	0,68
SUBTOTAL FSE	853.907.322	1.053.838.409	20,55
Cooperación Territorial Transfronteiriza España-Portugal FEDER	57.039.373	76.052.497	1,37
Cooperación Territorial Transnacional Espazo Atlántico-FEDER	19.578.119	26.104.158	0,47
Cooperación Territorial Transnacional Espazo Sudoeste-FEDER	5.114.974	6.819.966	0,12
Cooperación Territorial Interrexional- FEDER	2.140.672	2.518.437	0,02
SUBTOTAL COOPERACIÓN	83.873.138	111.495.058	2,02
FEADER REXIONAL-GALICIA	889.800.000	1.186.400.000	21,41
SUBTOTAL FEADER	889.800.000	1.186.400.000	21,41
Marítimo pesquero FEMP Plurirrexional	371.016.842	825.305.242	8,93
SUBTOTAL FEMP	371.016.842	825.305.242	8,93
TOTAL	4.155.483.203	6.110.412.318	

Fonte: Consello de Contas de Galicia (2016)

O FEDER- Galicia representa o 21,26% do total de axuda comunitaria, mentres que o FSE-Galicia representa o 7,54% e o FEADER-Galicia representa o 21,41%. Estes tres programas rexionais (FEDER-Galicia, FSE-Galicia y FEADER-Galicia) en conxunto (2.085 millóns de euros) representan o 50,21% do total de axudas comunitarias (4.155 millóns de euros) para o período 2014-2020.

Por último, o cadro 2.50 permite comparar o destino dos principais fondos europeos en Galicia e España, tanto en orixe coma en destino. Nos dous casos a maior parte das axudas entran no ámbito de aplicación de fondos FEDER, seguidas dos FEADER, os fondos do FSE e, xa a distancia, os fondos no contexto do FEMP. Canto á orixe, Galicia acapara en torno ao 11,17% do total do orzamento global en España, destacando o 32% da totalidade dos fondos FEMP.

Cadro 2.50

Fondos comunitarios e programas operativos Galicia-España 2014-2020

FONDO/PROGRAMA OPERATIVO	Axuda Comunitaria	% sobre total Axuda Comunitaria
FEDER GALICIA	1.957	48,06
FSE GALICIA	854	20,97
SUBTOTAL FEADER	890	21,85
SUBTOTAL FEMP	371	9,11
TOTAL	4.072	
FEDER ESPAÑA	19.410	53,24
FSE ESPAÑA	7.590	20,82
FEADER ESPAÑA	8.300	22,76
SUBTOTAL FEMP	1.160	3,18
TOTAL	36.460	

Elaboración propia con datos do Consello de Contas de Galicia e GEN+ Report 3/2017 "La política regional en España: análisis y propuestas de reforma".

2.6.3. Os incentivos económicos rexionais

A política rexional que desenvolve a Administración Xeral do Estado conta con dous instrumentos principais: as axudas estatais de finalidade rexional e a Cooperación Local do Estado. As primeiras son medidas financeiras destinadas ao investimento produtivo empresarial a fondo perdido, que teñen como obxectivo reducir os desequilibrios interterritoriais, sendo de aplicación a industrias transformadoras e servizos de apoio á produción e a establecementos turísticos e instalacións complementarias de lecer. Pola súa banda, o Programa de cooperación económica local do Estado (CELE) ten como obxectivo a solidariedade e a coordinación entre as distintas Administracións Públicas, incidindo nos investimentos locais para municipios menos favorecidos. Trátase, polo tanto, dun fondo de solidariedade que ten como obxectivo prioritario a axuda a municipios en peores condicións económicas para o financiamento das infraestruturas e equipamentos das Corporacións locais e para a mellora dos servizos públicos locais. Nos últimos anos céntranse ao redor dos Plans provinciais e insulares de cooperación; achegas á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP); investimentos de carácter inmaterial e subvencións para paliar os danos xerados por catástrofes naturais. O cadro 2.51 recolle os proxectos aprobados entre 1988 e 2016, xunto co investimento, as subvencións e o emprego previsto (tanto en creación como en mantemento). Como se pode comprobar aprobáronse 14.958 expedientes, cun investimento de 62.783 millóns de euros, unha estimación de emprego a crear de 260.353 postos de traballo e un emprego para manter de 795.000. Galicia é a terceira comunidade, tras Andalucía e Castela León

por número de expedientes e estimación de creación de emprego, cun 12,39% e 10,11% do total de expedientes e a estimación total de emprego no conxunto do Estado. No que se refire a investimento, subvencións e estimación de emprego a manter, perde un posto relativo pasando a ocupar o cuarto lugar (9,14%; 9,72% e 11,86% do total, respectivamente).

Cadro 2.51

Proxectos aprobados 1988-2016

	Expedientes	investimento	Subvención	Emprego	Emprego
Andalucía	3.503	13.864,6	1.961,7	64.192	144.813
Aragón	581	2.481,4	244,0	12.236	29.294
Asturias	665	2.925,0	493,5	9.836	30.613
Asturias (ZID)	47	129,7	34,9	1.333	763
Canarias	665	3.889,6	543,9	17.072	27.635
Cantabria	234	1.088,3	130,9	4.415	25.721
Cantabria (ZID)	30	58,9	9,8	421	5.301
Castela e León	2.405	10.923,0	1.228,2	40.424	167.579
Castela-A Mancha	1.078	4.350,9	542,2	23.298	44.612
Ceuta	20	91,5	12,3	311	301
Extremadura	1.089	3.050,8	513,6	15.373	23.631
Extremadura (ZID)	79	99,9	44,8	1.357	467
Galicia (ZID)	79	216,8	99,5	1.904	1.064
Galicia	1.854	5.736,7	838,0	26.338	94.415
A Rioxa	1	2	0	6	0
Melilla	10	21,5	3,3	197	22
Murcia	732	5.559,9	1.208,5	15.576	54.581
País Vasco	216	293,3	44,0	2.032	13.425
C. Valenciana	1.670	8.000,3	669,8	24.032	131.263
Total	14.958	62.784	8.623,2	260.353	795.500

En miles de euros

Fonte: GEN+Report 3/2017 "La política regional en España: análisis y propuestas de reforma"

O cadro 2.52 fai referencia aos proxectos vixentes, é dicir os que non decaeron e se plasmaron en realidade tanxibles. O total ascende a 8.026, cun investimento de 37.252 millóns de euros, cunha cifra de empregos a crear de 131.241, mentres que o emprego para manter cífrase en 493.912 postos de traballo. Galicia, con 910 destes proxectos é tamén a terceira comunidade por número de expedientes e a cuarta por contía da subvención. Galicia acadou nestes 37 anos de vixencia destas subvencións a cifra de 440 millóns de euros e supuxo a creación de 12.828 novos empregos e o mantemento de 52.160 postos de traballo.

Cadro 2.52

Proxectos aprobados vixentes 1988-2016

	Expedientes	investimento	Subvención	Emprego a crear	Emprego para manter
Andalucía	1.749	8.083,5	1.138,6	29.298	93.107
Aragón	318	1.593,9	161,9	6.885	21.560
Asturias	434	2.207,2	402,4	6.202	21.157
Asturias (ZID)	21	33,6	8,3	323	217
Canarias	343	2.590,9	369,3	9.476	14.555
Cantabria	148	680,4	88,7	2.946	13.045
Cantabria (ZID)	15	40,7	5,7	198	3.948
Castela León	1.398	6.915,7	758,3	21.154	100.897
Castela A Mancha	540	2.440,8	328,0	11.236	29.498
Ceuta	12	29,3	4,7	197	248
Estremadura	634	1.705,1	280,1	7.109	16.609
Estremadura (ZID)	28	36,0	18,2	438	429
Galicia (ZID)	32	64,8	23,6	597	507
Galicia	910,0	3.091,3	440,6	12.828,0	52.160,0
A Ríoxa	1	1,8	0	6	0
Melilla	3	9,9	2,3	122	34.087
Murcia	413	2.900,2	605,9	8.840	6.127
País Vasco	130	145,6	24,2	1.066	85.761
C. Valenciana	897	4.681,9	411,7	12.320	493.912
Total	8.026	37.252,6	5.072,8	131.241	987.824

En miles de euros.

Fonte: GEN+Report 3/2017 "La política regional en España: análisis y propuestas de reforma".